

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

13042 *LEI 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.* («BOE» 161, do 6-7-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 45.2 da Constitución española establece que «os poderes públicos velarán pola utilización racional de tódolos recursos naturais, co fin de protexer e mellora-la calidade da vida e defender e restaura-lo ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva».

Constituindo a auga un recurso natural, a súa dispoñibilidade debe ser obxecto dunha adecuada planificación que posibilite o seu uso racional en harmonía co ambiente.

Aínda que a planificación é unha técnica que goza de gran arraigamento no noso ordenamento xurídico, alcanza un significado novo coa Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, que lle dá rango legal e a concibe como instrumento de racionalización e de garantía da dispoñibilidade da auga para satisfacer-las diferentes demandas, pero tamén como obxecto para alcanzar un bo estado ecolóxico das augas.

Nun país coma España, en que a auga é un recurso escaso, marcado por graves desequilibrios hídricos debidos á súa irregular distribución, a adecuada planificación da política hidráulica imponse como unha necesidade, que non pode permanecer allea a esta realidade e como un instrumento de superación desta.

A resolución destes desequilibrios corresponde ó Plan Hidrolóxico Nacional, que desde unha perspectiva global ten de contemplar para isto un uso harmónico e coordinado de tódolos seus recursos hídricos capaz de satisfacer de forma equilibrada os obxectivos da planificación.

Precisamente porque a auga é símbolo e expresión de vida e de prosperidade, dá lugar con frecuencia a situacións polémicas en extremo e por iso a decisión que este propoña para solucionar-las desequilibrios existentes nunca poderá ser inocua, sendo a súa transcendencia social e económica de primeira orde e necesitada, en todo caso, de avaliación ambiental.

Por este motivo, na elaboración do Plan Hidrolóxico Nacional aprobado pola presente lei participaron non soamente as diferentes administracións públicas, senón tamén a sociedade civil a través dun amplo proceso de

participación social iniciada co desenvolvemento e aprobación dos plans hidrolóxicos de bacía, a elaboración e discusión do Libro Branco da Auga, e nas deliberacións do Consello Nacional da auga.

Esta planificación non pode entenderse nos nosos días sen que o ambiente sexa a principal referencia do seu contido.

Neste senso, o presente Plan Hidrolóxico Nacional non pode permanecer indiferente á recente aprobación da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola cal se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, patrón polo cal deberán perfilarse as políticas hidráulicas dos estados membros no século XXI.

Así, o Plan Hidrolóxico Nacional fai seus os principios esenciais da Directiva, proseguindo o camiño xa iniciado pola reforma do artigo 38 da Lei de augas, en virtude da Lei 46/1999, do 13 de decembro, ó considerar como un dos seus obxectivos «alcanza-lo bo estado das masas de auga». O principio de recuperación de custos, a participación da sociedade no proceso de elaboración do Plan Hidrolóxico Nacional, a garantía do acceso á información en materia de augas, son claros exemplos desta influencia e da vontade do lexislador de incorporar ó noso dereito de augas a filosofía inspiradora da Directiva.

Así mesmo, culmina o proceso planificador a través da coordinación dos plans hidrolóxicos de bacía xa aprobados.

Esta lei, pola cal se aproba o Plan Hidrolóxico Nacional, cínxese ó deseño trazado polo lexislador da Lei de augas regulando os contidos que este dispuxera para ela, ben como aquelas outras previsións normativas necesarias para garanti-lo seu cumprimento, evitando modificacións inxustificadas do marco xeral en que se integra e sen extralimitarse nos cometidos que como lei instrumental lle corresponden. De acordo con isto, regula os criterios de coordinación dos plans hidrolóxicos de bacía, a resolución das diferentes alternativas que estes ofrecen, as modificacións que se prevexan na planificación do recurso e a previsión das condicións das transferencias de recursos hidráulicos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía.

Cohrente cun modelo de planificación que se quixo plural e descentralizado na súa orixe, ámbito e execución, o papel coordinador do Plan Hidrolóxico Nacional a respecto dos plans hidrolóxicos de bacía limitase conscientemente a aquelas cuestións que non foron tratadas polos estes ou que o foron de maneira insuficiente ou con solucións incoherentes entre si, e que, por seren de interese xeral, esixen respostas homoxéneas a nivel nacional.

Por iso, a Lei do Plan Hidrolóxico Nacional fixa os elementos básicos de coordinación dos plans hidrolóxicos de bacía e remite a un posterior desenvolvemento normativo o establecemento dos criterios técnicos e

metodolóxicos que deberán terse en conta na súa futura revisión.

Sen dúbida, o eixe central da presente lei constiúe a regulación das transferencias de recursos hidráulicos entre ámbitos territoriais de distintos plans de bacía, como solución pola cal optou o lexislador para procurar unha satisfacción racional das demandas en todo o territorio nacional. A solución a que se chega é a máis eficiente tras considera-las diferentes alternativas e proceder a unha rigorosa análise custo-beneficio das transferencias, valorando as variables ambientais, socioeconómicas e técnicas delas, e sometendo todo isto a un amplo debate social.

Aspecto salientable nesta lei é o sobranceiro papel que se atribúe tanto a comunidades autónomas como a corporacións locais no modelo de xestión deseñado por ela.

A prol de garanti-lo dereito do cidadán á información ambiental nos termos recollidos pola Lei de augas, os fundamentos sobre os que se asentou a decisión adoptada na presente lei, recollidos nos documentos técnicos que constitúen os antecedentes e presupostos do plan, serán obxecto de publicación para que, en calquera momento, todo interesado poida coñecer-los fundamentos sobre os que se asenta a lei.

O papel que desempeñen os consumidores e usuarios da auga tamén debe resultar determinante, motivo polo que a lei fomenta particularmente as prácticas de aforro e uso sustentable e as campañas de concienciación e sensibilización cidadás.

A regulación que fai das transferencias o Plan Hidrolóxico Nacional limitouse a aqueles supostos xustificadas en poderosos motivos de interese xeral, que respondan a situacións de carencias estruturais acreditadas no tempo.

Mesmo nestes supostos, e co fin de asegura-lo cumprimento harmónico e equilibrado dos obxectivos da planificación, a lei somete a realización das transferencias a importantes cautelas ambientais e socioeconómicas destinadas a garantir que en ningún caso o desenvolvemento futuro da bacía cedente se poida ver comprometido pola transferencia, debendo asegurarse previamente á súa realización o fornecemento dos aproveitamentos presentes e as reservas para usos futuros na bacía cedente, ben como a obrigada circulación do caudal ambiental augas abaixo da toma de derivación e o mantemento dos ecosistemas asociados.

Non obstante, e dado que a transferencia de recursos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos constitúe a solución última e máis comprometida para solucionar-los déficits hídricos estruturais, o Plan Hidrolóxico Nacional, sen renunciar a elas, prevé outras medidas para a racionalización e optimización dos recursos hídricos.

Neste senso, o plan fomenta a obtención de recursos alternativos, como son os procedentes da desalinización de augas de mar e salobres; da reutilización e da depuración de augas residuais; da canalización e escuradura da auga de chuvia; da reposición artificial de augas subterráneas. Os programas I + D nestes e noutros ámbitos, tamén forman parte do contido do plan.

Débase salientar igualmente a vontade restrictiva da presente lei na regulación dos destinos das augas transvasadas, que en ningún caso se poderán destinar a novos regadíos nin á ampliación dos existentes senón exclusivamente a unha serie de supostos taxados destinados a cubrir necesidades de abastecemento urbano da bacía receptora, consolida-lo fornecemento de dotacións de regas en situación de precariedade, sempre e cando se

este a levar a cabo unha xestión racional e eficiente da auga, ou para reequilibrar situacións de insustentabilidade ambiental da mesma.

Especial entidade cobra no marco da presente lei a regulación do réxime económico-financeiro das transferencias. Este réxese polos principios de recuperación de custos en harmonía co establecido pola Directiva marco de augas, ben como o principio de solidariedade, promovendo un desenvolvemento conxunto das bacías cedentes e receptoras, a través do establecemento dun tributo ecolóxico que prevé unha cota destinada a compensar ambientalmente a bacía cedente.

En consecuencia, o transvasamento configúrase, no marco da presente lei, como un importante instrumento vertebrador do territorio, evitando que zonas con déficits estruturais de recursos hídricos vexan estrangulado e ameazado o seu desenvolvemento económico e social pola incerteza do fornecemento de auga, e garantindo que as bacías cedentes non vexan hipotecado o seu como consecuencia daquel, recibindo adicionalmente unha compensación destinada a actuacións ambientais vinculadas ós usos da auga .

As transferencias previstas no Plan Hidrolóxico Nacional non poden verse de forma illada, senón como unha das compoñentes do instrumento integrador que é o Plan Hidrolóxico Nacional, en que de par destas se establecen outras actuacións en que a protección ambiental atinxe sen dúbida unha importancia singular.

A lei, recollendo a filosofía do Libro Branco da Auga, recentemente elaborado, pon especial énfase en garantir un uso racional e sustentable dos recursos hidráulicos, preocupación que transloce ó longo de todo o seu articulado. Entre estes, pola súa singularidade, merecen especial mención a xestión eficaz das augas para abastecemento, a esixencia de máxima eficiencia na xestión do recurso nas bacías receptoras, a regulación das reservas hidrolóxicas por motivos ambientais, a xestión das secas e regulación de zonas inundables, protección das augas subterráneas e conservación de zonas húmidas e actuacións de sensibilización, formación e educación no uso sustentable da auga .

Para o desenvolvemento das previsións establecidas nos plans hidrolóxicos de bacía, a lei recolle no seu anexo II un conxunto de actuacións destinadas a melloralo uso e conservación do recurso.

Finalmente, hoxe, tras un dilatado proceso de planificación que se prolongou durante quince anos, podemos fechar como dicía o Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, de aprobación dos plans hidrolóxicos de bacía, o horizonte previsto na Lei de augas e obter unha imaxe definitiva do rumbo da política hidráulica dos próximos anos.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

O obxecto desta lei é a regulación das materias a que se refire o artigo 43 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, como contido do Plan Hidrolóxico Nacional, así como o establecemento daquelas previsións normativas necesarias para garanti-lo seu cumprimento.

Artigo 2. *Obxectivos da lei.*

1. Son obxectivos xerais desta lei:

a) Alcanza-lo bo estado do dominio público hidráulico e, en particular, das masas de auga.

b) Xestiona-la oferta da auga e satisface-las demandas de augas presentes e futuras a través dun aproveitamento racional, sustentable, equilibrado e equitativo da auga, que permita a un tempo garanti-la suficiencia e calidade do recurso para cada uso e a protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.

c) Logra-lo equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial, a prol de conseguirla vertebración do territorio nacional.

d) Reequilibra-las dispoñibilidades do recurso, protexendo a súa calidade e economizando os seus usos, en harmonía co ambiente e os demais recursos naturais.

2. Para a consecución destes obxectivos esta lei regula:

a) As medidas necesarias para a coordinación dos diferentes plans hidrolóxicos de bacía.

b) A solución para as alternativas que se propoñen nos plans hidrolóxicos de bacía.

c) A previsión e as condicións das transferencias de recursos hidráulicos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía.

d) As modificacións que se prevexan na planificación do uso do recurso e que afecten aproveitamentos existentes para o abastecemento de poboacións e regadíos.

e) Determinadas materias vinculadas a unha eficaz planificación do recurso.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos da presente lei entenderase por:

a) **Acuíferos compartidos:** aquelas unidades hidroxeolóxicas situadas nos ámbitos territoriais de dous ou máis plans de bacía.

b) **Transferencia:** a norma específica que autoriza o paso de recursos hídricos dun ámbito territorial de planificación hidrolóxica a outro distinto. As conexións entre diferentes sistemas de explotación dentro dun mesmo ámbito territorial de planificación axustaranse ó disposto no seu correspondente plan hidrolóxico de bacía.

c) **Transvasamento:** a autorización concreta de volumes que se acorde transferir cada ano ou en cada situación concreta.

d) **Infraestructuras de transvasamento:** as obras e instalacións que resulten precisas para executar cada autorización.

e) **Transferencias de pequena contía:** transferencias entre diferentes ámbitos territoriais da planificación hidrolóxica cun volume anual que non exceda de 5 hm³.

f) **Reservas hidrolóxicas por motivos ambientais:** os ríos, tramos de río, acuíferos ou masas de auga sobre os que, dadas as súas especiais características ou a súa importancia hidrolóxica, se constituíu unha reserva para a súa conservación en estado natural.

g) **Sistemas de abastecemento en alta:** abastecemento de auga para comarcas, mancomunidades ou agrupacións de municipios en réxime de servizo público.

Artigo 4. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei será de aplicación en todo o territorio nacional, sen prexuízo daquelas medidas que, pola súa natureza, deban ter efectos exclusivamente nos ámbitos territoriais que expresamente se indique, e do réxime especial da Comunidade Autónoma das Canarias, de acordo co disposto na disposición adicional terceira da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

TÍTULO I

Contidos previstos na Lei de augas

CAPÍTULO I

Medidas de coordinación dos plans hidrolóxicos de bacía

Artigo 5. *Dos principios rectores das medidas de coordinación.*

As medidas de coordinación dos plans hidrolóxicos de bacía rexeranse polos principios xerais de precaución, racionalidade, sustentabilidade, protección do dominio público hidráulico, do bo estado ecolóxico das augas e da protección dos caudais ambientais.

Artigo 6. *Dos criterios de coordinación dos plans hidrolóxicos de bacía.*

O Consello de Ministros, logo de informe do Consello Nacional da Auga e das administracións hidráulicas autonómicas das bacías intracomunitarias, regulará, mediante real decreto, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, os criterios de coordinación relativos a aspectos técnicos e metodolóxicos, que deberán terse en conta na revisión dos plans hidrolóxicos de bacía de acordo coas seguintes determinacións:

a) A identificación e definición dun sistema de explotación único para cada plan, en que, de forma simplificada, queden incluídos tódolos sistemas parciais, e con que se posibilite a análise global de comportamento. En ningún caso este sistema suporá a eliminación dos sistemas de explotación previstos nos plans hidrolóxicos de bacía, nin a anulación das determinacións que lles afecten. Así mesmo, fixaranse os procedementos homoxéneos para o establecemento das demandas consolidadas e balances de recursos.

b) O tratamento de forma integrada e sistemática, para tódalas bacías e cunha metodoloxía común, dos diversos procesos que constitúen o ciclo hidrolóxico, e en particular as interrelacións entre augas superficiais e subterráneas, e o enfoque conxunto de calidade e cantidade.

c) A delimitación dos perímetros de protección tanto daqueles en que se prohiba o exercicio de actividades que puidesen constituír un perigo de contaminación e degradación do dominio público hidráulico, como os perímetros de protección de acuíferos definidos no Regulamento do dominio público hidráulico e outros de carácter facultativo. Determinarase igualmente a relación dos perímetros con outras figuras de protección.

d) As relativas ás seguintes materias, de conformidade coa regulación establecida noutros artigos desta lei: caudais ambientais, xestión das secas, protección do dominio público hidráulico, zonas húmidas, actuacións en zonas inundables e información hidrolóxica.

Artigo 7. *Acuíferos compartidos.*

1. Considéranse acuíferos compartidos, para os efectos previstos nesta lei, os que, estando situados en ámbitos territoriais de dous ou máis plans hidrolóxicos de bacía, se enumeran no anexo I da presente lei. Regulamentariamente determinarase o procedemento para definir e delimita-la poligonal dos novos acuíferos compartidos que se vaian determinando en cada momento. A delimitación de acuíferos compartidos, cando afecte bacías intracomunitarias, deberá ser previamente some-

tida a informe da Administración hidráulica da comunidade autónoma correspondente.

2. No anexo I desta lei recóllese a asignación dos recursos hídricos de cada acuífero compartido entre as bacías afectadas. Cada plan hidrolóxico deberá recoller as asignacións efectuadas nesta lei.

Artigo 8. *Réxime xurídico dos acuíferos compartidos.*

1. A administración dos acuíferos compartidos corresponde a cada un dos organismos de bacía no seu respectivo ámbito territorial. Sen prexuízo disto, cada organismo de bacía deberá notificar ós outros organismos con que comparte o acuífero, tódalas resolucións que adopte en relación con el.

2. Mediante acordo das xuntas de goberno interesadas, poderase encomenda-la xestión do acuífero a un dos organismos afectados. En caso de discrepancia, resolverá o Ministerio de Medio Ambiente.

3. Nos acuíferos compartidos, só se considerará que existe transferencia de recursos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía cando exista transporte mediante conduction artificial entre eles. Esta consideración dará lugar á aplicación do réxime xurídico das transferencias de recursos previstos nesta lei.

Artigo 9. *Normas sobre o bo estado ecolóxico das augas.*

1. Para acadalo o obxectivo dun bo estado ecolóxico das augas e previla súa deterioración adicional, aplicaranse de forma xeral, en tódolos ríos, acuíferos ou masas de auga e zonas sensibles os obxectivos de calidade e os límites de emisión para substancias concretas fixados en cada caso na normativa que resulte de aplicación. Nos plans hidrolóxicos de bacía poderán fixarse, de conformidade coa dita normativa, excepcións a este principio xeral, así como normas máis restrictivas para as zonas designadas como de protección especial.

2. En relación co bo estado ecolóxico, e de conformidade cos obxectivos da planificación hidrolóxica, o Ministerio de Medio Ambiente e as administracións hidráulicas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán programas para a definición, caracterización e análise do estado ecolóxico do dominio público hidráulico.

3. A utilización da auga para consumo ou para baño deberá respectar, na captación ou na zona de baño, os condicionantes sanitarios definidos pola autoridade sanitaria.

Artigo 10. *Coordinación con outras políticas sectoriais.*

A política da auga está ó servizo das estratexias e plans sectoriais que sobre os distintos usos establezan as administracións públicas, sen prexuízo da xestión racional e sustentable do recurso que debe ser aplicada polo Ministerio de Medio Ambiente, ou polas administracións hidráulicas competentes, que condicionará toda autorización, cesión ou infraestrutura futura que se solicite.

CAPÍTULO II

Solución ás posibles alternativas que ofrezan os plans hidrolóxicos de bacía

Artigo 11. *Alternativas propostas e a súa solución.*

Para os efectos do previsto no artigo 43.1.b. da Lei de augas, as únicas alternativas que previron os plans

hidrolóxicos de bacía, e a solución das cales se afronta nesta lei, son as relativas ás transferencias de recursos que se regulan nos artigos seguintes.

CAPÍTULO III

Previsión e condicións das transferencias

SECCIÓN 1.^a PRINCIPIOS XERAIS E PREVISIÓN DE TRANSFERENCIAS

Artigo 12. *Principios xerais.*

1. Co fin de dar cumprimento ós obxectivos xerais recollidos no artigo 38.1 da Lei de augas e no artigo 2 desta lei, poderán levarse a cabo transferencias de recursos hídricos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía. Estas transferencias estarán en todo caso suxeitas ó cumprimento das condicións que se prevén na presente lei.

2. Toda transferencia basearase nos principios de garantía das demandas actuais e futuras de tódolos usos e aproveitamentos da bacía cedente, incluídas as restricións ambientais, sen que se poida ver limitado o desenvolvemento da dita bacía amparándose na previsión de transferencias. Atenderase, ademais, ós principios de solidariedade, sustentabilidade, racionalidade económica e vertebración do territorio.

3. As transferencias previstas nesta lei deberanse someterse igualmente ó principio de recuperación de custos, de acordo cos principios da Lei de augas e da normativa comunitaria.

Artigo 13. *Previsión de novas transferencias ordinarias.*

1. Autorízanse, con suxeición ó cumprimento das condicións recollidas na presente lei, as seguintes transferencias:

2. A transferencia dun volume anual de ata 190 hm³, con orixe na zona do Baixo Ebro do Plan Hidrolóxico da bacía do Ebro e destino no ámbito territorial do Plan Hidrolóxico das bacías internas de Cataluña.

3. A transferencia dun volume anual de ata 315 hm³, con orixe na zona do Baixo Ebro do Plan Hidrolóxico da bacía do Ebro e destino no ámbito territorial do Plan Hidrolóxico do Júcar.

4. A transferencia dun volume anual de ata 450 hm³, con orixe na zona do Baixo Ebro do Plan Hidrolóxico da bacía do Ebro e destino no ámbito territorial do Plan Hidrolóxico do Segura.

5. A transferencia dun volume anual de ata 95 hm³, con orixe na zona do Baixo Ebro do Plan Hidrolóxico da bacía do Ebro e destino no ámbito territorial do Plan Hidrolóxico do Sur.

Artigo 14. *Previsión de transferencias de pequena contía.*

1. Poderanse autorizar transferencias de pequena contía entre diferentes ámbitos territoriais de planificación hidrolóxica, non previstas especificamente no artigo anterior, conforme as seguintes regras:

a) O Ministerio de Medio Ambiente poderá autoriza-la realización de transferencias cun volume anual que non supere a contía de 1 hectómetro cúbico.

b) O Consello de Ministros poderá autoriza-la realización de transferencias cun volume anual que estea comprendido entre 1 e 5 hectómetros cúbicos.

2. En todo caso, darase trámite de audiencia á xunta de goberno dos organismos de bacía afectados.

3. Nos acordos de transferencias de pequena contía que se adopten, conforme o previsto en este artigo, deberán especificar as prescricións contidas nesta lei que lle sexan de aplicación.

SECCIÓN 2.^a CONDICIÓN DAS TRANSFERENCIAS AUTORIZADAS
NESTA LEI

Artigo 15. *Condicións ambientais.*

Co fin de poder determinar as repercusións ambientais das transferencias, someteranse a avaliación de impacto ambiental de maneira conxunta tódolos proxectos relativos a elas, de acordo co procedemento legalmente establecido, mesmo cando isto non fose preceptivo conforme a lexislación sobre avaliación de impacto ambiental, debendo cumprirse as ditadas transferencias as medidas preventivas, protectoras, correctoras e de compensación incluídas nas declaracións de impacto ambiental que se dicten para o efecto.

Artigo 16. *Condicións técnicas.*

1. Os volumes de transferencia autorizados nesta lei entenderanse como máximos anuais medidos no punto de toma da bacía cedente.

2. As transferencias de auga autorizadas no artigo 13 desta lei con orixe no baixo Ebro estarán suxeitas ás seguintes condicións:

a) Non se efectuará ningunha derivación mentres non circule polo río, nos puntos de toma, un caudal superior á suma do mínimo ambiental fixado no Plan Hidrolóxico na bacía do Ebro, máis o correspondente ás concesións, se for o caso, existentes augas abaixo das tomas.

b) Polo conxunto de tomas das transferencias só se poderá derivar un caudal total igual ó circulante polo río que exceda a suma anteriormente citada.

c) Os encoros e sistemas hidráulicos da bacía do Ebro non se verán obrigados a efectuar ningún desaugamento con destino a favorece-los transvasamentos desde o baixo Ebro. A explotación destes sistemas poderase levar a cabo na forma en que o decidan os seus órganos de xestión, sen que se deba considerar servidume ningunha debida á transferencia. A única excepción a este principio é a dos encoros de Mequinenza, Ribarroja e Flix, a capacidade de regulación dos cales será parcialmente empregada para facilitar a explotación dos transvasamentos.

d) A capacidade de regulación dos encoros de Mequinenza, Ribarroja e Flix será tamén empregada para se axustar ós requirimentos ambientais de caudais ecolóxicos, incluídos os que precise o Delta do Ebro.

3. O Ministerio de Medio Ambiente aprobará, mediante orde ministerial, as normas técnicas de explotación dos transvasamentos, determinando as garantías para as bacías cedentes que se recollen no articulado da lei. O réxime temporal de explotación destes transvasamentos deberá adecuarse ás condicións hidrolóxicas de cada momento e ós requirimentos ambientais das bacías cedente e receptora, con carácter preferente para a bacía cedente, así como ó cumprimento, nas masas de auga afectadas, dos requisitos hixiénico-sanitarios establecidos na lexislación específica para as augas de consumo e para as de baño. Esta norma de explotación fixará a detración de caudais no período comprendido entre os meses de outubro e maio, e regulará as condicións técnicas singulares que, unha vez garantido o réxime concesional e de caudais ecolóxicos,

posibiliten a derivación de caudais o resto do ano. Para os efectos do disposto neste número os organismos de bacía cedentes deberán de emitir un informe anual sobre a situación das súas bacías, así como cantos informes foren precisos en situacións extraordinarias.

4. As administracións públicas competentes de tódalas bacías, incluíndo as receptoras e as cedentes de transvasamentos, de acordo cos seus respectivos plans hidrolóxicos, darán prioridade a incrementa-la dispoñibilidade de recursos hídricos propios, incluíndo a utilización de recursos non convencionais cando sexa pertinente, a racionalización e o aforro no uso da auga, así como aquelas medidas que pretendan mellora-la sustentabilidade do medio hídrico natural.

Artigo 17. *Destinos das augas transvasadas.*

1. As augas transvasadas en virtude das transferencias autorizadas consonte o artigo 13 desta lei só se poderán utilizar para:

a) Alimentar ou complementa-los sistemas de abastecemento en alta existentes, así como garanti-los usos actuais e futuros do abastecemento urbano nas bacías receptoras, sempre e cando se estea a levar a cabo unha xestión racional e eficiente da auga.

b) Mellora-las condicións ambientais daqueles ecosistemas, tramos fluviais, sectores de acuíferos ou elementos do medio hídrico natural que se encontren actualmente sometidos a degradación intensa.

c) Consolida-lo fornecemento das dotacións dos regadíos existentes consonte o establecido no seu correspondente plan hidrolóxico de bacía, que estean en situación de precariedade, tanto por situacións de infradotación como por falta da suficiente garantía e sempre e cando se estea a levar a cabo unha xestión racional e eficiente da auga.

d) Eliminar situacións de insustentabilidade actual debida á sobreexplotación existente nos acuíferos da bacía receptora, e restablece-lo equilibrio do medio asegurando a subsistencia dos aproveitamentos vinculados a estes acuíferos.

2. En ningún caso se poderán destina-las augas transvasadas á creación de novos regadíos, nin á ampliación dos existentes nas zonas beneficiadas polas transferencias.

3. Para acceder ó uso das augas transvasadas, os usuarios deberán dispor das concesións ou de calquera outro título suficiente que acredite o dereito á utilización privativa das augas, debidamente inscritos no Rexistro de augas da bacía receptora. Deberá garantirse, en calquera caso, que as augas transvasadas non produzan alteracións ambientais negativas que poidan considerarse significativas en áreas naturais das bacías receptoras.

4. O título para o aproveitamento de augas con destino ó abastecemento poderá corresponder tanto ó propio núcleo afectado como ó sistema ou entidade de abastecemento en que se inclúa este núcleo e será outorgado pola Administración hidráulica competente da bacía receptora.

5. Con carácter previo á utilización das augas transvasadas, a xunta de goberno do organismo da bacía receptora ou órgano de goberno da Administración hidráulica nas bacías intracomunitarias adoptará os seguintes acordos en función do uso a que se vaian destina-las augas: no caso de regadíos delimitará o perímetro de cada zona de aplicación das mesmas, estudiará o seu balance hídrico e, como consecuencia de todo isto, propondrá os volumes de auga necesarios. Cando se

trate de abastecementos, determinará o ámbito territorial afectado, estudiará o seu balance hídrico e propondrá os volumes de auga necesarios.

6. No caso da alínea 1.d) será necesario que o organismo de bacía, previamente á utilización das augas transvasadas, teña declarado que os recursos hidráulicos subterráneos están sobreexplotados ou en risco de estar. Neste caso, a xunta de goberno do organismo levará a cabo a delimitación da zona de aplicación das augas transvasadas e realizará a avaliación dos seus recursos, determinando as achegas de auga necesarias para restablece-lo equilibrio. As comunidades ou agrupacións de usuarios ás que se refire o artigo seguinte tramitarán a diminución ou a caducidade das concesións de caudais asignados en contías equivalentes ós volumes transvasados, ata atinxiren a condición de equilibrio natural sustentable deses acuíferos.

7. Consonte os criterios expostos nos números anteriores, e atendendo ás previsións do correspondente plan hidrolóxico de bacía, o Consello de Ministros, mediante real decreto, logo de informe dos organismos de bacía, establecerá os distintos usos, zonas e ámbitos de aplicación dos recursos transvasados, así como a súa cuantificación precisa. Conforme o disposto na devandita norma, procederase ó outorgamento das correspondentes concesións ou, se for o caso, á modificación das existentes, adecuándoas ás novas circunstancias.

8. No outorgamento ou modificación das concesións a que se alude no número anterior deberase ter en conta a preferencia de uso das bacías cedentes.

Artigo 18. *Condicións de organización dos usuarios.*

1. Nas bacías receptoras, cumprirá a constitución dunha xunta central de usuarios ou entidade representativa equivalente para cada unha das transferencias autorizadas, que exercerá a representación dos usuarios das augas transvasadas ante as administracións hidráulicas, en relación cos transvasamentos.

2. Poderanse exceptuar do réxime previsto no número anterior aqueles aproveitamentos en que, atendendo ás súas circunstancias específicas, así o estableza o Ministerio de Medio Ambiente, oídos os organismos de bacía afectados.

3. Por cada zona de aplicación das augas transvasadas, nos supostos previstos nas alíneas c) e d) do artigo 17.1, constituirase, caso de non existir previamente, unha comunidade ou agrupación de usuarios que será a titular das concesións das augas transvasadas e que, pola súa vez, se integrará na Xunta Central de Usuarios ou entidade que se alude no número 1.

Artigo 19. *Condicións de xestión.*

1. Para o conxunto de transferencias autorizadas no artigo 13 desta lei crearase unha comisión de transvasamentos na cal estarán representados, na forma que regulamentariamente se determine, o Ministerio de Medio Ambiente, as administracións hidráulicas ou organismos de bacía afectados como cedentes, receptores ou de tránsito, as xuntas centrais de usuarios ou entidades equivalentes das augas transvasadas, as comunidades autónomas afectadas e os usuarios non conxuntivos dos encoros exceptuados a que se refire o artigo 16.2.c), e o vicepresidente segundo da xunta de goberno do organismo da bacía cedente, en representación dos usuarios.

2. Corresponderá á comisión de transvasamentos exercer, respecto a cada transferencia, as competencias

que a Lei de augas reserva ás xuntas de explotación no seu artigo 30 e, en particular, a solicitude de volumes concretos que se transvasarán en cada período. O director xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas, por proposta da comisión de transvasamentos correspondente, autorizará as condicións en que deberán efectuarse os transvasamentos e o seu volume. A proposta da comisión será vinculante se se realizou con carácter unánime. Noutro caso, a resolución será adoptada polo director xeral atendendo ás condicións hidrolóxicas e ambientais concorrentes e cosonte as normas de explotación fixadas para cada transferencia.

3. No caso de unha transferencia esixi-lo uso de infraestructuras de almacenamento ou regulación, estas disporanse preferentemente na bacía receptora.

4. A programación dos transvasamentos realizarase en función da maior economía e racionalidade no uso do recurso, e para tal efecto poderanse empregar tanto as infraestructuras de nova creación como as existentes nas bacías afectadas, incluídas as de tránsito, salvo disposición contraria como a fixada no artigo 16.2.c), e tendo, en todo caso, carácter preferente os usos previamente establecidos en cada bacía. O uso das infraestructuras existentes quedará suxeito, de resultar de aplicación, ó pagamento do canon de regulación ou tarifa de utilización previstos na Lei de augas.

Artigo 20. *Condicións de execución e explotación.*

A construción e explotación das infraestructuras de cada transferencia farase polo mecanismo orzamentario, administrativo ou societario que resulte máis adecuado en cada caso, dentro dos que prevé o ordenamento xurídico vixente para a promoción de obras hidráulicas.

Artigo 21. *Efectos das autorizacións de transferencias.*

1. Decláranse de interese xeral as obras de infraestrutura necesarias para a realización das transferencias autorizadas nesta lei.

2. A aprobación dos proxectos de obras que sexan necesarias para a execución destes transvasamentos levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos, para os fins de expropiación forzosa e ocupación temporal, de acordo co disposto na lexislación correspondente. A declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación referirase tamén ós bens e dereitos comprendidos no planeamento do proxecto e nas modificacións das obras que se poidan aprobar posteriormente.

SECCIÓN 3.^a RÉXIME ECONÓMICO-FINANXEIRO DAS TRANSFERENCIAS AUTORIZADAS NESTA LEI

Artigo 22. *Réxime económico-financeiro do transvasamento.*

1. Establécese un tributo ecolóxico denominado «canon do transvasamento» que, pola súa natureza de taxa, atenderá tanto os custos das transferencias autorizadas por esta lei como os derivados das compensacións de carácter ambiental para as bacías cedentes pola auga transvasada.

2. O canon regulado neste artigo rexerese pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

3. Constitúe o feito impoñible do canon a posta ó dispor por parte da Administración hidráulica da auga transvasada ós usuarios do transvasamento, en orixe de toma, conforme o disposto na presente lei.

4. Serán suxeitos pasivos do canon do transvasamento os usuarios das augas transvasadas. No caso de que a execución e xestión das infraestructuras do transvasamento se encomende a unha entidade diferente da Administración xeral do Estado, a mesma será considerada suxeito pasivo do canon en calidade de substituto do contribuínte, obrigándose a repercutilo nas tarifas que deba percibir dos usuarios.

5. O importe do canon do transvasamento que será satisfeito polos suxeitos pasivos pola posta ó dispor no seu beneficio da auga transvasada será o resultado de suma-la «cota de utilización» do transvasamento e a «cota ambiental», entendendo por tales, respectivamente, os importes fixados para a compensación dos custos do investimento repercutibles e a xestión das infraestructuras do transvasamento e dos de carácter ambiental que se lles xeren ás bacías cedentes, conforme o previsto no artigo 23 da presente lei.

6. Para os efectos previstos no número anterior:

a) A «cota de utilización» do canon do transvasamento calcularase, con base na correspondente memoria económico-financeira, en función do importe dos seguintes elementos:

Os gastos de funcionamento e conservación das infraestructuras.

Os gastos de administración dos organismos xestores, imputables ás ditas obras.

O custo anual da compensación ós usuarios non consuntivos na bacía cedente ou de tránsito, polas afeccións que se lles produzan.

Unha anualidade de amortización, incluíndo cota de devolución e desconto, aplicada ó custo dos investimentos repercutibles, tanto de primeiro establecemento como de reposición, requiridos para a execución das obras.

A contía anual da «cota de utilización» do canon do transvasamento para cada suxeito pasivo será determinada regulamentariamente consonte criterios de racionalización do uso da auga, equidade no reparto das obrigacións e autofinanciamento do servizo, tendo en conta, especialmente, o consumo efectivo da auga transvasada e o uso a que a se destine, e

b) A «cota ambiental» é unha cota fixa por metro cúbico de auga transvasada, a contía da cal se actualizará anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado. Inicialmente fixase a súa contía en 3 céntimos de euro (5 pesetas) por cada metro cúbico de auga transvasada.

7. O devengo do canon producirase o 31 de decembro de cada ano polo importe correspondente ó consumo real, durante ese ano, de auga transvasada en orixe de toma.

8. O canon será xestionado e recadado polos respectivos organismos de bacía ou Administración hidráulica das bacías receptoras, nos termos que regulamentariamente se establezan. Estes organismos poderán subscribir un convenio coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou outras administracións tributarias, para que sexan estas as que leven a cabo a recadación e xestión do canon.

9. O canon será independente da tarifa que teña que satisfacerse pola utilización das infraestructuras a que se refire o número 4 do artigo 19 desta lei.

10. Cando a execución e xestión das infraestructuras do transvasamento se encomende a unha entidade diferente da Administración xeral do Estado, esta entidade será compensada pola parte da «cota de utiliza-

ción» do canon do transvasamento que corresponda á cobertura dos custos de investimento e xestión que a mesma asumise.

Artigo 23. Compensacións de carácter ambiental ás bacías cedentes.

A cota ambiental do canon do transvasamento destinarase integramente a compensar ambientalmente as bacías cedentes polas augas transvasadas, conforme os seguintes principios:

1. O importe recadado pola cota ambiental ingresarase nunha conta especial do organismo de bacía ou, se é o caso, Administración hidráulica, das bacías cedentes en proporción ó volume transferido de cada unha de elas, e só se poderá destinar ás actuacións previstas neste artigo.

2. A compensación de carácter ambiental será xestionada polo organismo de bacía e destinarase exclusivamente a actuacións ambientais vinculadas ós usos da auga, en particular, á recuperación ambiental do recurso e do seu contorno, a protección do dominio público hidráulico, a mellora da calidade da auga e a restauración hidrolóxico-forestal e ordenación ambiental na bacía cedente. A fixación das ditas actuacións farase de xeito coordinado coas comunidades autónomas e as organizacións representativas das corporacións locais das bacías cedentes na forma que regulamentariamente se determine.

3. O reparto da compensación de carácter ambiental entre os territorios das distintas comunidades autónomas da bacía cedente farase con criterios de proporcionalidade en relación á súa superficie nelas. Tamén se terá en conta o ámbito territorial en que se produza a captación das augas transvasadas.

4. As actuacións realizadas con cargo á compensación ambiental serán adicionais das que, con carácter xeral, se realicen nas bacías hidrográficas cedentes con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

CAPÍTULO IV

Modificacións no uso do recurso

Artigo 24. Normas xerais sobre usos.

1. En relación ó establecido no artigo 51.3 da Lei de augas, nos expedientes de declaración de extinción das concesións para abastecemento de poboacións e regadío, os seus titulares poderán solicitar unha nova co mesmo uso e destino para as augas, con exclusión do trámite de proxectos en competencia, sempre que a isto non se opuxer o disposto no plan hidrolóxico da bacía correspondente.

2. Cando, con motivo da modernización e mellora das redes de abastecemento de poboacións, se acorde unha redución de volume concesional, a parte reducida manterase como reserva para o mesmo abastecemento, sen prexuízo de se poderen outorgar aproveitamentos sobre os ditos volumes, que o serán en precario.

TÍTULO II

Normas complementarias da planificación

Artigo 25. Reservas hidrolóxicas por motivos ambientais.

O Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, logo de informe das comunidades

autónomas afectadas, ademais das previsións incluídas nos plans hidrolóxicos de bacía, ó abeiro do establecido no artigo 40.d) da Lei de augas, poderá reservar determinados ríos, tramos de ríos, acuíferos ou masas de auga para a súa conservación en estado natural. Tal reserva poderá implica-la prohibición de outorgar autorizacións ou concesións sobre o ben reservado.

O establecemento das anteriores reservas ten por finalidade a protección e conservación dos bens de dominio público hidráulico que, polas súas especiais características ou a súa importancia hidrolóxica, merezan unha especial protección.

Os plans hidrolóxicos de bacía incorporarán as referidas reservas e consideraranas como limitacións para introducir nas análises dos seus sistemas de explotación.

Nas bacías intracomunitarias, corresponderalle á comunidade autónoma o establecemento, se é o caso, das reservas hidrolóxicas que se coide oportunas.

Artigo 26. *Caudais ambientais.*

1. Para os efectos da avaliación de disponibilidades hídricas, os caudais ambientais que se fixen nos plans hidrolóxicos de bacía terán a consideración dunha limitación previa ós fluxos do sistema de explotación, que operará con carácter preferente ós usos contemplados no sistema. Para o seu establecemento, os organismos de bacía realizarán estudos específicos para cada tramo de río, tendo en conta a dinámica dos ecosistemas e as condicións mínimas da súa biocenose. As disponibilidades obtidas nestas condicións son as que poden, se é o caso, ser obxecto de asignación e reserva para os usos existentes e previsibles.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior e desde o punto de vista da explotación dos sistemas hidráulicos, os caudais ambientais terán a consideración de obxectivos que se satisfarán de forma coordinada nos sistemas de explotación, e coa única preferencia do abastecemento de poboacións.

3. A inexistencia de obriga expresa en relación co mantemento de caudais ambientais nas autorizacións e concesións outorgadas pola Administración hidráulica, non exonerará o concesionario do cumprimento das obrigas xerais que, a respecto de tales caudais, serán recollidas pola planificación hidrolóxica, sen prexuízo do posible dereito de indemnización establecido no artigo 63.3 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

Artigo 27. *Xestión das secas.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, para as bacías intercomunitarias, co fin de minimiza-los impactos ambientais, económicos e sociais de eventuais situacións de seca, establecerá un sistema global de indicadores hidrolóxicos que permita prever estas situacións e que sirva de referencia xeral ós organismos de bacía para a declaración formal de situacións de alerta e eventual seca, sempre sen prexuízo do establecido nos artigos 12.2 e 16.2 da presente lei. Esta declaración implicará a entrada en vigor do plan especial a que se refire o número seguinte.

2. Os organismos de bacía elaborarán nos ámbitos dos plans hidrolóxicos de bacía correspondentes, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da presente lei, plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca, incluíndo as regras de explotación dos sistemas e as medidas que se aplicarán en relación co uso do dominio público hidráulico. Os citados plans, logo de informe do consello de auga de cada bacía, remitiranse ó Ministerio de Medio Ambiente para a súa aprobación.

3. As administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan, singular ou mancomunadamente, a unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes deberán dispor dun plan de emerxencia ante situacións de seca. Estes plans, que serán sometidos a informe do organismo de bacía ou Administración hidráulica correspondente, deberán ter en conta as regras e medidas previstas nos plans especiais a que se refire o número 2, e deberanse encontrar operativos no prazo máximo de catro anos.

4. As medidas previstas nos números 1 e 2 do presente artigo poderán ser adoptadas pola Administración hidráulica da comunidade autónoma, no caso de bacías intracomunitarias.

Artigo 28. *Protección do dominio público hidráulico e actuacións en zonas inundables.*

1. No dominio público hidráulico adoptaranse as medidas necesarias para corrixi-las situacións que afecten a súa protección, incluíndo a eliminación de construcións e demais instalacións situadas nel. O Ministerio de Medio Ambiente impulsará a tramitación dos expedientes de deslindamento do dominio público hidráulico naqueles tramos de ríos, regos e corgas que se considere necesario para prever, controlar e protexe-lo dito dominio.

2. As administracións competentes delimitarán as zonas inundables tendo en conta os estudos e datos dispoñibles que os organismos de bacía deben trasladar a aquelas, de acordo co previsto no artigo 11.2 da Lei de augas. Para isto contarán co apoio técnico destes organismos e, en particular, coa información relativa a caudais máximos na rede fluvial, que a Administración hidráulica deberá facilitar.

3. O Ministerio de Medio Ambiente promoverá convenios de colaboración coas administracións autonómicas e locais que teñan por finalidade elimina-las construcións e demais instalacións situadas en dominio público hidráulico e en zonas inundables que puidesen implicar un grave risco para as persoas e os bens e a protección do mencionado dominio.

4. As actuacións en leitos públicos situados en zonas urbanas corresponderán ás administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, sen prexuízo das competencias da Administración hidráulica sobre o dominio público hidráulico. O Ministerio de Medio Ambiente e as administracións autonómicas e locais poderán subscribir convenios para o financiamento destas actuacións.

Artigo 29. *Augas subterráneas.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente elaborará, para as bacías intercomunitarias, un plan de acción en materia de augas subterráneas que permita o aproveitamento sustentable dos ditos recursos e que incluírá programas para a mellora do coñecemento hidroxeolóxico e a protección e ordenación dos acuíferos e das augas subterráneas.

2. Os organismos de bacía e, se é o caso, as administracións hidráulicas competentes fomentarán a constitución de comunidades de usuarios dunha mesma unidade hidroxeolóxica ou dun mesmo acuífero, e prestarán a asistencia técnica necesaria para a elaboración do plan de explotación do citado acuífero que permita a súa explotación ordenada e sustentable.

3. O plan previsto no número 1 do presente artigo poderá ser adoptado pola Administración hidráulica da comunidade autónoma no caso de bacías intracomunitarias.

Artigo 30. Xestión eficaz das augas para abastecemento.

1. O Ministerio de Medio Ambiente impulsará, no ámbito das súas competencias, a colaboración coas administracións autonómicas e locais para a xestión eficaz e sustentable dos abastecementos urbanos, promovendo, entre outros, a elevación do rendemento hidráulico dos sistemas, a colocación de contadores individuais, a instalación de dispositivos e tecnoloxías aforradoras, a realización de dobres redes de distribución de augas, a limitación do emprego de especies vexetais fortemente demandantes de auga e o fomento do uso de augas recicladas, especialmente para usos deportivos, lúdicos ou recreativos.

2. O Ministerio de Medio Ambiente impulsará, no ámbito das súas competencias e coa colaboración das administracións autonómicas e locais, a utilización preferente dos recursos hídricos de maior calidade para o seu emprego en abastecementos.

3. Así mesmo, promoverase a colaboración entre as administracións públicas e as asociacións representativas de empresarios e traballadores, para a recuperación e utilización da auga en circuíto cerrado en usos industriais.

Artigo 31. Zonas húmidas.

1. O Ministerio de Medio Ambiente, en coordinación coas comunidades autónomas, establecerá un sistema de investigación e control para determinar os requirimentos hídricos necesarios que garantan a conservación das zonas húmidas existentes que estean inventariadas nas bacías intercomunitarias.

2. Así mesmo, o Ministerio de Medio Ambiente e as comunidades autónomas promoverán a recuperación de zonas húmidas, rexenerando os seus ecosistemas e asegurando a súa pervivencia futura.

Artigo 32. Formación, sensibilización e educación canto ó uso sustentable da auga.

1. O Ministerio de Medio Ambiente, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, porá en marcha campañas de comunicación dirixidas ó uso sustentable da auga, que inclúan a elaboración e difusión dun catálogo de boas prácticas e das mellores tecnoloxías dispoñibles.

2. Así mesmo, realizaranse actuacións de formación e educación que sensibilicen sobre o uso sustentable da auga a toda a sociedade española, con especial incidencia na poboación escolar e no ámbito rural.

Artigo 33. Información hidrolóxica.

1. O Ministerio de Medio Ambiente manterá un rexistro oficial de datos hidrolóxicos que incluíra, ó menos, os caudais en ríos e conductiones principais, a piezometría nos acuíferos, o estado das existencias encoradas e a calidade das augas continentais. Para estes efectos, as comunidades autónomas facilitarán os rexistros dispoñibles sobre as bacías intracomunitarias.

2. Nas bacías intercomunitarias, o Ministerio de Medio Ambiente definirá unha rede básica oficial de medida de datos hidrolóxicos, e asumirá a responsabilidade do seu completo mantemento, arquivo e actualización dos datos xerados.

3. Os cidadáns terán libre acceso á dita información, a cal será publicada polo Ministerio de Medio Ambiente periodicamente.

Artigo 34. Investigación, desenvolvemento e coñecemento hidrolóxico.

1. O Goberno impulsará as actividades de I + D no campo dos recursos hídricos. Para tal fin, no prazo dun ano presentará un programa de investigación, desenvolvemento e coñecemento dos recursos hídricos, en que se identifiquen e propoñan as liñas mestras que contribúan á mellora do coñecemento, tecnoloxías e procesos naqueles campos e actividades relacionados coa auga, que a planificación hidrolóxica detecte como prioritarios, e, en especial, no referente á xestión, preservación da calidade e uso sustentable dela.

2. O programa de investigación, desenvolvemento e coñecemento dos recursos hídricos será elaborado e executado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, en colaboración cos organismos de investigación da Administración xeral do Estado e as universidades, e coordinadamente co Ministerio de Medio Ambiente, todo isto sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de recursos hidráulicos, ambiente e investigación.

Artigo 35. Seguimento, actualización, revisión e publicidade.

1. A partir da entrada en vigor da presente lei, o Ministerio de Medio Ambiente publicará cada catro anos un informe de seguimento sobre a aplicación dos plans hidrolóxicos de bacía e do Plan Hidrolóxico Nacional, co fin de manterlo cidadán informado dos progresos realizados na súa aplicación e facilitar a participación cidadá na planificación. Para os efectos da súa publicación conxunta, as comunidades autónomas facilitarán os informes correspondentes ós plans hidrolóxicos das bacías intracomunitarias.

2. Este informe será sometido á consideración do Consello Nacional da Auga, o cal, en función dos resultados obtidos na aplicación dos distintos plans hidrolóxicos, poderá propor, ben ó Goberno para as bacías intercomunitarias, ben á administración autonómica correspondente para as bacías intracomunitarias, criterios para a actualización ou revisión dos citados plans.

3. O Ministerio de Medio Ambiente adoptará as medidas necesarias para o acceso público á documentación técnica que constitúe os antecedentes e presupostos do Plan Hidrolóxico Nacional e, para tal efecto, ordenará unha edición oficial deste en que se inclúan a memoria e tódolos seus anexos.

Artigo 36. Programación de investimentos.

1. Para os efectos da programación de investimentos públicos en obras hidráulicas, terán carácter prioritario os investimentos daqueles sistemas de explotación que, identificados como problemáticos desde o punto de vista da dispoñibilidade de recursos, non requiren transferencias externas para a satisfacción das súas demandas.

2. Na elaboración da programación de investimentos públicos en obras hidráulicas deberase establecer un equilibrio adecuado entre os investimentos destinados á realización de novas infraestruturas e os que se destinen a asegura-lo adecuado mantemento das obras hidráulicas existentes e a minimiza-lo seus impactos na agricultura en que se asentán.

Neste senso, nas novas canalizacións tenderase sempre que sexa posible, a incrementar substancialmente a largura do leito de máxima enchente, revexetando estas áreas con arboredo de ribeira autóctono. Así mes-

mo, respectaranse en todo momento as condicións naturais das ribeiras e marxes dos ríos, conservando o seu valor ecolóxico, social e paisaxístico, e propiciando a recarga dos álveos e outros acuíferos relacionados con eles.

3. En aplicación das previsións establecidas nos plans hidrolóxicos de bacía, o Goberno desenvolverá durante o período 2001-2008 os investimentos de que se fai relación no anexo II da presente lei.

4. En particular, forma parte do mencionado anexo II, en toda a súa extensión e contido, de acordo co establecido no artigo 38 do texto único do Plan Hidrolóxico da Bacía do Ebro aprobado por orde do Ministerio de Medio Ambiente do 13 de agosto de 1999, a resolución do Pleno das Cortes de Aragón, aprobada na súa sesión do 30 de xuño de 1992, relativa ós criterios sobre política hidráulica da Comunidade Autónoma de Aragón. Por esta razón, e en aplicación do principio xeral de garantía das demandas actuais e futuras da bacía cedente a que se refire o artigo 12, será un obxectivo básico para as administracións hidráulicas competentes que a maior parte das infraestructuras incluídas na mencionada resolución se encontren terminadas ou en execución antes da efectividade das transferencias autorizadas pola presente lei.

5. Todas e cada unha das obras incluídas no anexo II decláranse de interese xeral cos efectos previstos no artigo 44.2 e 119 da Lei de augas e 10 da Lei de expropiación forzosa respecto da utilidade pública implícita nos plans de obras do Estado.

Disposición adicional primeira. Transferencias existentes á entrada en vigor da Lei 29/1985, de 2 de agosto, de augas.

1. Os aproveitamentos de augas existentes no momento da entrada en vigor desta lei, que constitúan unha transferencia de recursos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía, e estean amparados en títulos concesionais outorgados con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1986, rexeranse polo disposto no título concesional vixente. Cando en aplicación dos títulos concesionais revertan á Administración xeral do Estado as obras e instalacións, disporase delas de acordo coa lexislación de contratos das administracións públicas.

2. Os aproveitamentos de augas existentes no momento da entrada en vigor desta lei, que constitúan unha transferencia de recursos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía, e estean amparados en títulos legais aprobados con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1986, rexeranse polo disposto no título legal actual vixente.

Disposición adicional segunda. Modificación da Lei 18/1981, do 1 de xullo, sobre actuacións en materia de augas en Tarragona.

1. O artigo 1 parágrafo 2 da Lei 18/1981 queda redactado da seguinte forma:

«Dous. Poderá destinarse ó abastecemento urbano e industrial de municipios das provincias de Tarragona e Barcelona un caudal equivalente ó recuperado, co límite máximo de catro metros cúbicos por segundo, logo de concesión administrativa, que se outorgará sen comprometer volumes de auga do Ebro adicionais ós actualmente outorgados para os regadíos do Delta; para estes efectos, realizaranse, se é o caso, os necesarios reaxustes das actuais concesións.»

2. Modificación do artigo 3, parágrafo 2, da Lei 18/1981, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. O importe total do canon será liquidado pola Confederación Hidrográfica do Ebro e será recadado pola Generalitat de Cataluña. O canon destinarase, en primeiro lugar, ó Plan de Obras de Acondicionamento e Mellora das Infraestructuras Hidráulicas do Delta do Ebro, do que o sistema de amortización será proporcional ó investimento efectivamente realizado por cada Administración e ó volume de recadación; isto sen prexuízo dos recursos que nas leis de orzamento xerais do Estado poidan ser asignados ó mencionado plan.

Unha vez amortizados os investimentos realizadas polo Estado e a Generalitat e completadas as obras e actuacións no Delta do Ebro, o 80 por cento do canon previsto no artigo 3.1 reverterá á Confederación Hidrográfica do Ebro, e o 20 por cento restante reterao Generalitat de Cataluña para aplicalo á execución das obras que permitan un mellor aproveitamento dos recursos hídricos obxecto de concesión, na parte da bacía do Ebro situada no seu territorio.»

Disposición adicional terceira. Transvasamento Texo-Segura.

Canto ás transferencias de auga aprobadas desde a cabeceira do Texo, e conforme o disposto no artigo 23 do seu plan hidrolóxico de bacía, consideraranse augas excedentarias todas aquelas existencias encoradas no conxunto de Entrepeñas-Buendía que superen os 240 hm³. Por baixo desta cifra non se poderán efectuar transvasamentos en ningún caso.

Este volume mínimo poderase revisar no futuro conforme as variacións efectivas que experimenten as demandas da bacía do Texo, de forma que se garanta en todo caso o seu carácter preferente, e se asegure que as transferencias desde a cabeceira nunca poidan supor un límite ou impedimento para o desenvolvemento natural desa bacía.

Disposición adicional cuarta. Plan Especial do Alto Guadiana.

1. Coa finalidade de manter un uso sustentable dos acuíferos da bacía alta do Guadiana, levarase a cabo un conxunto de actuacións, ademais das que se encontran en curso, consistentes en:

- A reordenación dos dereitos de uso de augas, tendente á recuperación ambiental dos acuíferos.
- A autorización de modificacións no réxime de explotación dos pozos existentes.
- A concesión de augas subterráneas en situacións de seca.
- Outras medidas tendentes a logralo equilibrio hídrico e ambiental permanente desta bacía.

2. O Goberno, mediante real decreto, e no prazo dun ano a partir da aprobación da presente lei, desenvolverá o réxime xurídico ó cal se axustarán as actuacións previstas no número anterior.

Disposición adicional quinta. Regas do Alto Aragón.

Mantense a vixencia da reserva de auga para as regas do Alto Aragón establecida pola Lei do 7 de xaneiro de 1915.

Disposición adicional sexta. *Excepcións ós réximes de transferencia.*

Para os efectos desta lei, non terán a consideración de transferencias aqueles acordos específicos que autoricen o paso e posterior retorno, nun prazo máximo de catro anos, de recursos hídricos dun ámbito territorial de planificación hidrolóxica a outro distinto co único obxecto da súa regulación mediante o emprego da capacidade existente en un dos ámbitos considerados, e que presenten un balance hídrico equilibrado.

Disposición adicional sétima. *Plan Integral de mellora da calidade do río Texo.*

Coa finalidade de logra-los obxectivos de calidade que se fixan no Plan Hidrolóxico do Texo, levarase a cabo un conxunto de actuacións, ademais das que se encontran actualmente en curso, consistentes en:

- a) O estudo coordinado entre as administracións competentes das medidas necesarias para a mellora da calidade das augas do Texo.
- b) A programación coordinada das actuacións de depuración de augas residuais, no marco das respectivas competencias.
- c) Un programa de control de verteduras en toda a bacía.

Este plan estará redactado no prazo máximo dun ano a partir da aprobación da presente lei.

Disposición adicional oitava. *Entrada en vigor do canon de control de verteduras.*

1. Queda derogado, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2001, o número 1 da disposición transitoria única da Lei 46/1999, do 13 de decembro, de modificación da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

2. O número 1 da disposición transitoria única mencionada no número anterior queda redactado nos seguintes termos:

«1. O canon de control de verteduras entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano 2002. No período impositivo correspondente ó ano natural 2001 aplicarase o canon de vertedura do establecido no artigo 105 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.»

Disposición adicional novena. *Realización de estudos.*

Algunhas das alegacións presentadas contra Plan Hidrolóxico Nacional requiren estudia-la posibilidade da incorporación ó sistema hidrolóxico español de posibles transvasamentos alternativos ó previsto no proxecto. Neste senso, o Plan Hidrolóxico Nacional achega varias posibilidades de recursos novos a longo prazo para atender situacións hipotéticas futuras.

Considerando aquelas alegacións e estas hipóteses, o Ministerio de Medio Ambiente realizará os estudos que avalíen as opcións a longo prazo contempladas no Plan Hidrolóxico, para coñece-la súa viabilidade, ben como tódalas demais características técnicas.

Disposición adicional décima. *Plan Integral de Protección do Delta do Ebro.*

1. Coa finalidade de asegura-lo mantemento das especiais condicións ecolóxicas do Delta do Ebro, elabórase un plan integral de protección co seguinte contido mínimo:

borarase un plan integral de protección co seguinte contido mínimo:

a) Definición do réxime hídrico que permita o desenvolvemento das funcións ecolóxicas do río, o delta e o ecosistema mariño próximo. Así mesmo, definirase un caudal adicional que se fornecerá coa periodicidade e magnitudes que se establezan de forma que se asegure a correcta satisfacción dos requirimentos ambientais do dito sistema. Os caudais ambientais resultantes incorporaranse ó Plan Hidrolóxico da Bacía do Ebro mediante a súa correspondente revisión.

b) Definición das medidas necesarias para evita-la subsidencia e regresión do Delta, como a achega de sedimentos ou a promoción da vexetación halófila.

c) A mellora da calidade da auga, de modo que sexa compatible coa presenza de especies a conservar, que non se xere eutrofia e que non existan concentracións de fitosanitarios e outros contaminantes en cantidades potencialmente perigosas para o ser humano, a flora e a fauna dos ecosistemas.

d) A mellora do hábitat físico dos ecosistemas (ríos, canais, lagoas, baías) e das súas conexións.

e) A definición e aplicación dun modelo agronómico sustentable no marco da política agraria comunitaria e a cuantificación dos posibles volumes de auga a aforrar nas concesións de regadío actualmente existentes no río.

f) A interrelación entre as actividades humanas presentes no delta cos fluxos de auga e nutrientes necesarios para os ecosistemas naturais.

g) A definición, método de seguimento e control de indicadores ambientais que deberán considerar, entre outros, os parámetros do estado cualitativo e cuantitativo da cuña salina, a subsidencia e a regresión do Delta, a eutrofización das augas, os ecosistemas (especies piscícolas, acuicultura, avifauna, flora específica...) as baías dos Alfacs e do Fangar e a contaminación do medio.

2. Para a redacción do Plan e para a execución e coordinación das súas actuacións, crearase unha organización presidida pola Generalitat de Cataluña e integrada por tódalas administracións e entidades con competencias e intereses no ámbito do Delta do Ebro: Ministerio de Medio Ambiente, Generalitat de Cataluña, entes locais da zona, así como dos usuarios e organizacións sociais.

3. O Plan deberá estar redactado e aprobado no prazo máximo dun ano para os efectos regulados no artigo 16 e a presente disposición adicional.

4. A aprobación do plan corresponde ó Goberno.

5. Se, como consecuencia do seguimento dos indicadores ambientais definidos na alínea g) do número 1 anterior, se detectase algunha situación de risco para o ecosistema do Delta do Ebro, adoptaranse as medidas preventivas e correctoras necesarias por parte das administracións competentes.

Disposición adicional décimo primeira. *Do principio de recuperación de custos e do réxime de exaccións.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente iniciará, con carácter inmediato, os estudos necesarios para a implantación gradual do principio de recuperación de custos e as excepcións xustificadas, de acordo co establecido na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

2. O Ministerio de Medio Ambiente adoptará as medidas necesarias para que o réxime de exaccións regu-

lado polo artigo 106 da Lei de augas se aplique de modo que a súa contía se determine sempre tendo en conta o volume real de auga utilizado.

3. En todo caso, e logo que se dispoña en cada sistema de explotación dos medios de control de caudais previstos nesta lei, adoptaranse as medidas indicadas no número anterior.

Disposición adicional décimo segunda. *Control dos dereitos concesionais.*

1. Para dar cumprimento ó disposto no artigo 53.4 da Lei de augas, no prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor da presente lei, os organismos de bacía determinarán os medios de control efectivos dos caudais concesionais e das verteduras ó dominio público hidráulico, establecendo, así mesmo, os procedementos de comunicación e inspección dos ditos medios.

2. En cumprimento do indicado no número anterior, os titulares de dereitos concesionais están obrigados a instalar e mante-los correspondentes medios de medición e información sobre os caudais utilizados e, se é o caso, vertidos ó dominio público, no prazo máximo de catro anos a partir da entrada en vigor da presente lei.

3. Cualifícanse como graves as infraccións derivadas do incumprimento do establecido no número anterior. A reiteración será causa suficiente para a declaración de caducidade da concesión, que se acordará mediante o procedemento previsto no ordenamento xurídico.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación das transferencias de pequena contía.*

As transferencias de pequena contía existentes con anterioridade á presente lei deberán adaptarse ó previsto no seu artigo 14 no prazo dun ano.

Disposición transitoria segunda. *Fecha do período de inscrición para os titulares de aproveitamentos de augas privadas.*

1. Outórgase ós titulares de aproveitamentos de augas privadas afectados polo regulado na disposición transitoria cuarta da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, un prazo improrrogable de tres meses contado a partir da entrada en vigor desta lei para solicita-la súa inclusión no catálogo de augas da bacía.

2. Transcorrido este prazo sen terse cumprido esta obriga, non se recoñecerá ningún aproveitamento de augas cualificadas como privadas se non é en virtude de resolución xudicial firme.

Disposición transitoria terceira. *Efectos sobre os plans hidrolóxicos de bacía.*

Os plans hidrolóxicos de bacía aprobados en virtude do Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, salvo as adaptacións derivadas das previsións especificamente establecidas na presente lei, non se verán modificados en virtude da aprobación do Plan Hidrolóxico Nacional, sen prexuízo da aplicación, no proceso de revisión deles, dos criterios de coordinación que se fixen conforme o disposto no artigo 6.

Disposición derogatoria única. *Réxime do encoro de Alarcón.*

Á entrada en vigor da presente lei quedará derogado o artigo segundo da Lei 21/1971, do 19 de xuño, sobre

o aproveitamento conxunto Texo-Segura, no que se refire á utilización do encoro de Alarcón.

O acueducto Texo-Segura poderá utiliza-lo encoro de Alarcón única e exclusivamente para regular caudais procedentes do transvasamento, de acordo coas seguintes condicións:

1. Sempre e en todo momento terán preferencia para seren encoradas as augas procedentes do río Júcar, polo que os órganos de xestión da Confederación Hidrográfica do Júcar deberán arbitra-las medidas e estable-ce-las garantías necesarias para facer efectiva esta prioridade.

2. Non se librarán augas do encoro de Alarcón con destino ó acueducto Texo-Segura que non fosen almacenadas previamente procedentes do mesmo.

3. Computaranse con cargo ós recursos do acueducto Texo-Segura as perdas por evaporación que se produzan como consecuencia do incremento de volume almacenado polas augas procedentes do transvasamento. Tales perdas calcularanse e compensaranse debidamente.

4. Caso de se produciren verteduras, compensarase a parte do volume vertido que sexa imputable á perda de capacidade debida ó volume de auga do transvasamento presente no encoro.

5. Os usuarios do acueducto Texo-Segura contribuirán ós gastos do encoro de Alarcón como beneficiarios del con suxeición á lexislación de augas.

Disposición derradeira primeira. *Autorización para o desenvolvemento regulamentario.*

O Consello de Ministros e o ministro de Medio Ambiente, no ámbito das súas respectivas competencias, dictarán as normas regulamentarias que foren precisas para o cumprimento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial.*

Esta lei dítase ó abeiro das competencias exclusivas recoñecidas ó Estado polas regras 13.^a e 22.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xullo de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO I

Listaxe de unidades hidroxeolóxicas compartidas

| Denominación | Asignación (hm ³ /ano) | | |
|----------------------------|-----------------------------------|--------------------|------------|
| | | | |
| La Bureba. | Douro (12). | Ebro (5). | |
| Araviana-Vozmediano. | Douro (20). | Ebro (30). | |
| Almazán-Aranda de Moncayo. | Douro (170). | Ebro (30). | |
| Cella-Molina de Aragón. | Texo (60). | Júcar (30). | Ebro (30). |
| Campo de Montiel. | Guadiana I (130). | Guadalquivir (10). | |

| Denominación | Asignación (hm ³ /ano) | |
|----------------------------------|-----------------------------------|------------------------|
| Almonte-Marismas. | Guadiana II (25). | Guadalquivir (190). |
| Sierra de Líbar. | Guadalquivir (10). | Sur (80). |
| Sierra de Cañete. | Guadalquivir (10). | Sur (7). |
| Sierra Gorda-Polje de Zafarraya. | Guadalquivir (100). | Sur (25). |
| Tejera-Almijara-Las Guájaras. | Guadalquivir (60). | Sur (80). |
| Sierra de la Oliva. | Segura (1). | Júcar (3). |
| Jumilla-Villena. | Segura (6). | Júcar (2). |
| Salinas. | Segura (1.8). | Júcar (2.5). |
| Quibas. | Segura (1.3). | Júcar (1.3). |
| Sierra de Crevillente. | Segura (0.8). | Júcar (0.8). |
| Bajo Ebro-Montsiá. | Ebro (250). | C.I. de Cataluña (11). |
| Losa. | Ebro (20). | Norte III (5). |

ANEXO II

Listaxe de investimentos

Bacías do norte de España

Presa de Herrerías.
 Presa de Ibiur.
 Terminación da regulación da bacía alta do río Besaya.
 Modernización do regadío do Bierzo.
 Conduccións desde a presa de Herrerías para o abastecemento ó sistema Nervión e comarcas limítrofes.
 Abastecemento a Santander. Bitransvasamento Ebro-Besaya-Pas.
 Abastecemento a Ourense.
 Regulación do Alto Aller.
 Abastecemento a Lugo.
 Estación de tratamento de augas potables do sistema Aramo-Quiros.
 Mellora do abastecemento de auga a Oviedo.
 Abastecemento de auga ó municipio de Villaviciosa a través de CADASA.
 Presa do Boeza.
 Depósito xeral de auga tratada de CADASA.
 Mellora do abastecemento de auga ós municipios costeiros turísticos do extremo occidental de Asturias.
 Reforzo do abastecemento de auga a Xixón a través de CADASA.
 Novos depósitos da ETAP de Venta Alta.
 Depósitos reguladores do abastecemento de auga ó municipio de Llanera.
 Depósito regulador do abastecemento de auga a Oviedo a través de CADASA.
 Depósito novo de El Cristo.
 Colectores-interceptores do saneamento xeral da bacía Saja-Besaya.
 EDAR de Lamiako.
 Emisario terrestre e submarino da bacía do sistema Saja-Besaya.
 Estación Depuradora de Augas Residuais de Loiola.
 Saneamento e depuración do Alto Deba.
 Depuración e vertido da ría de Guernica.

Saneamento da bacía do río Louro: Colectores interceptores do río Louro. Tramos I, II e III.
 Saneamento das marismas de Santoña: Emisario submarino.
 Emisario de Xago (ría de Avilés).
 Saneamento das marismas de Santoña: EDAR de San Pantaleón.
 EDAR de Torrelavega: Saneamento do Saja Besaya (EDAR de Vuelta Ostrera).
 Saneamento do Bierzo Bajo: EDAR de Villapalos.
 Saneamento das marismas de Santoña: colector interceptor xeral Santoña-Laredo-Colindres. Tramo I, EDAR de Santoña-Gama.
 Colector xeral da bacía sur de Oviedo (río Nora).
 Saneamento da bacía do río Louro: EDAR de Guillarei.
 Colector de saneamento do Bajo Oria para incorporación ó de San Sebastián-Baía de Pasajes.
 Emisario submarino de Aboño.
 Emisario submarino de Mompas.
 Estación Depuradora de Augas Residuais de Xixón leste.
 Mellora do saneamento de Ourense: EDAR de Ourense.
 Mellora do saneamento de Lugo: EDAR de Lugo.
 EDAR de Xixón oeste.
 EDAR de Avilés (EDAR de Maqua).
 Reutilización de auga residual depurada, procedente do saneamento da baía de Santander.
 Saneamento de Bierzo Bajo: colector interceptor dos ríos Barredos, Burbia e Cúa.
 Saneamento das marismas de Santoña: colector interceptor xeral Santoña-Laredo-Colindres. Tramo II. Santoña-Laredo.
 Saneamento da bacía do río Louro: colectores xerais dos ríos Miño e Caselas.
 Saneamento e depuración do Alto Nervión.
 Mellora do saneamento de Lugo: acondicionamento dos colectores dos ríos Rato, Chanca e Fervedoira (colectores xerais).
 Saneamento do Bierzo Bajo: colector interceptor do río Sil, Tramo Ponferrada-EDAR de Villapalos.
 Saneamento das marismas de Santoña: colector interceptor do río Asón.
 Saneamento das marismas de Santoña: colector interceptor xeral Santoña-Laredo-Colindres. Tramo III, Laredo-Colindres.
 Saneamento da bacía do río Louro: Colectores interceptores da bacía alta do río Louro.
 Mellora do saneamento de Ourense: acondicionamento de colectores, marxe dereita do río Miño.
 Estación Depuradora de Augas Residuais do río Cubia.
 Estación Depuradora de Augas Residuais do río Gafo.
 Colector interceptor do río Gafo.
 Emisario terrestre Loiola-Mompás.
 Mellora do saneamento de Ourense: acondicionamento dos colectores xerais do río Barbaña.
 Colectores do río Miño. Tramo N-VI-EDAR de Lugo.
 Mellora do saneamento de Lugo: colectores do río Miño. Tramo N-VI.
 Colector norte de Oviedo (río Nora).
 Colector interceptor xeral do río Nalón, tramo Caldas-Soto del Rey.
 Saneamento da bacía do río Louro: colectores xerais do río Seixal e do Miño en Tui.
 Mellora do saneamento de Ourense: acondicionamento de colectores, marxe esquerda do río Miño.
 Colector interceptor xeral da ría de Avilés.
 Saneamento da bacía do río Louro: colector xeral do Porriño.
 Saneamento das marismas de Santoña: colector xeral da ría de Rada.

Colectores interceptores do río Cubia.
 Colector interceptor do río Tuluergo (ría de Avilés).
 Mellora do saneamento de Lugo: acondicionamento dos colectores do río Chanca.
 Acondicionamento dos ríos Cúa, Burbia, Barredos, Sil e Boeza no Bierzo.
 Acondicionamento hidráulico do regato Otero en Santa Cruz de Bezana.
 Defensa de Monforte de Lemos fronte ás enchentes do río Cabe.
 Acondicionamento de marxes do río Miño en Ourense.
 Canalización urbana do río Piles en Xixón.
 Actuacións de acondicionamento de marxes dos ríos Caudal e Nalón.
 Mellora hidráulica da rede fluvial en Liendo.
 Ordenación hidráulica do río Nalón en La Felguera.
 Ordenación de marxes e túnel de desvío do río Gafo na zona de Las Caldas.
 Restauración de marxes e retirada de residuos do leito do río Nalón.
 Acondicionamento de leitos nas marxes dos ríos Rato e Fervedoira.
 Acondicionamento da marxe dereita do río Miño entre as pontes Nova e Romana.
 Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.
 Implantación do SAIH na bacía do Norte.
 Programa de control e seguimento da calidade das augas.
 Ordenación e protección dos recursos subterráneos.
 Delimitación do Dominio Público Hidráulico (LINDE).
 Ordenación e control dos aproveitamentos hídricos.
 Rede básica de control de augas subterráneas.

Galicia Costa

Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría.
 Conducción de augas residuais, depuración e vertido de Ferrol.
 Mellora da depuración e vertido da Coruña: EDAR de Bens.
 Mellora dos colectores xerais e EDAR de Santiago.
 Mellora da depuración e vertido da Coruña: emisario submarino da Coruña.
 Acondicionamento hidráulico do río Mero entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura.

Bacía do Douro

Presa de Castrovido.
 Regulación e aproveitamento do río Eria. Presa de El Cobanallo.
 Regulación e aproveitamento do río Duerna. Presa de El Sardonal.
 Presa de Iruña.
 Presa de Casares de Arbás.
 Variantes de estradas afectadas polo encoro de Iruña.
 Aproveitamento hidroeléctrico de Sahechores.
 Canal Bajo de Los Payuelos.
 Ramais principais do canal alto de Los Payuelos.
 Modernización do canal do Pisuerga.
 Rede de levadas e ramais principais da zona regable do Páramo Bajo.
 Azude de derivación e canal principal da zona regable do río Adaja.
 Ordenación do río Eresma.

Canais principais da zona regable da marxe esquerda do río Tera.
 Modernización da zona regable do canal de Manganeses.
 Modernización dos regadíos de Babilafuente.
 Acondicionamento do canal de El Páramo e balsas de regulación.
 Modernización dos regadíos de La Maya.
 Reparación e revestimento do canal de Macías Picavea.
 Reparación da zona regable do canal de Palencia.
 Modernización da zona regable do canal de Omlillos.
 Reconstrucción e modernización do canal de La Retención e a súa zona regable.
 Gran reparación do canal Toro-Zamora e ampliación da zona regable da levada de Molacillos.
 Captación e conducción para abastecemento a Salamanca.
 Subministración de auga e acondicionamento de infraestrutura de abastecemento de fontes en La Granja de San Ildefonso.
 Presa de Valseco para abastecemento a Cerezo de Abajo.
 Colector xeral Sur e EDAR de Salamanca.
 Medidas correctoras dos vertidos do Alto Órbigo.
 Estación Depuradora de Augas Residuais de Aranda de Duero.
 Emisario e EDAR de Medina del Campo.
 Estacións depuradoras e emisarios das poboacións do Alto Douro.
 Emisario desde a EDAR de Ávila ata augas abaixo da presa de Cogotas.
 Emisarios e Estación Depuradora de Augas Residuais de Palencia.
 Actuacións de forestación e de restauración hidrolóxico-forestais en canais e zonas extraencoro na bacía do Douro.
 Actuacións ambientais e obras de canalización en tramos urbanos da bacía do Douro.
 Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.
 Restauración hidrolóxico-forestal da bacía alta do río Águeda.
 Implantación do SAIH na bacía do Douro.
 Programa de control e seguimento da calidade das augas.
 Delimitación do Dominio Público Hidráulico (LINDE).
 Ordenación e control dos aproveitamentos hídricos.
 Ordenación e protección dos recursos subterráneos.
 Rede básica de control de augas subterráneas.

Bacía do Texo

Presa de regulación do Almonte e abastecemento a Cáceres.
 Estrada de conexión entre ámbalas marxes do encoro de Buendía.
 Mellora do desaugadoiro da presa de Borbollón.
 Reparación e control da presa de La Tajera.
 Modernización da zona regable do Jarama.
 Regulación do Alberche.
 Modernización das regas do Alagón.
 Presa de Monteagudo. Regulación do río Tiétar e consolidación dos regadíos existentes.
 Modernización da zona regable do canal de Las Aves.
 Modernización da zona regable da Real Acequia do Texo, Azuda e Cazchico.
 Modernización da zona regable do canal de Estremera (Madrid).

Modernización de regadíos da zona regable de El Rosarito. Río Tiétar.

Modernización das regas do Arrago.

Modernización da zona regable do canal de Estremera (Guadalajara).

Reparación do canal e camiño das regas do Alagón.

Modernización de regadíos do Canal Bajo do Alberche.

Rehabilitación xeral do canal III-A das regas do Arrago.

Reparación dos camiños xerais números 1 e 2 da zona regable de El Rosarito.

Modernización da zona regable de Castrejón, marxe esquerda.

Rehabilitación e reforzo do revestimento da rede de levadas da zona regable do canal do Henares.

Abastecemento a Madrid. 2.º anel principal, 1.ª fase.

Abastecemento desde o encoro de Picadas á zona de Torrijos, a Puebla de Montalbán e Fuensalida.

Ampliación e mellora do abastecemento á Mancomunidade de Algodor.

Abastecemento a poblacions do Alto Tiétar desde o Alberche.

Abastecemento a CASRAMA con recursos do Manzanares.

Abastecemento ós municipios da contorna de Entrepeñas e pequenos núcleos de Guadalajara.

Mellora do abastecemento ó sistema Torrelaguna, ramal sur.

Mellora integral do abastecemento nas comarcas de Las Hurdes e La Vera.

Presa, conduccións e ampliación da ETAP de Las Navas del Marqués.

Ampliación do abastecemento á Mancomunidade Cabeza del Torcón, Mancomunidade La Milagra, San Martín de Montalbán, Polan e Guadamur.

Abastecemento ós municipios da contorna do encoro de Buendía e pequenos núcleos de Cuenca.

Nova mancomunidade do Campo Arañuelo: Naval-moral de la Mata, Talayuela, Peraleda de la Mata e outros.

Ampliación da ETAP do Sorbe.

Arteria da Fundación Sur para o abastecemento a Madrid.

Interconexión das bacías Jarama-Lozoya e Alberche-Guadarrama.

Arteria do eixe da N-III: tramo Rivas, Arganda e Velilla San Antonio.

Nova mancomunidade de augas presa de Santa Lucía: Trujillo, Madroñera, Ibahernando e outros.

Mellora do abastecemento a localidades con altas demandas estacionais e potencial turístico: Torrejón el Rubio, Garrovillas, Hervás e outros.

Ampliación da ETAP de Talavera.

Depósito regulador de Colmenar.

Reforzo do sistema CASRAMA desde o encoro de La Aceña.

Reforzo do sifón de El Pardo (ramal esquerdo) e arteria de Fuencarral.

Estación depuradora do Culebro-Getafe e colectores.

Saneamento e depuración de La Vera, comarca de Cáceres, Hervás e lugares transfronteirizos.

Estación Depuradora de Augas Residuais da bacía media-alta do regato Culebro.

Saneamento da bacía do Butarque.

Estación Depuradora de Augas Residuais de La Gavia.

Colectores e depuradora de Guadalajara.

Depuración da bacía do Alberche.

EDAR e colectores de Béjar.

Depuración e colectores de Las Navas del Marqués.

Ampliación e mellora da depuradora de Santa María de Benquerencia (Toledo).

Acondicionamento do río Henares desde Humanes ata a súa desembocadura no Jarama.

Campo de pozos do Guadarrama.

Ordenación hidráulica do río Texo entre Bolarque e Talavera (tramo Talavera de la Reina).

Protocolo coa Comunidade Autónoma de Madrid: canalizacións e outros proxectos.

Evacuación de enchentes da presa de Ontígola e restauración do regato augas abaixo.

Ordenación hidráulica do Texo entre Bolarque e Talavera (zona de Aranjuez).

Acondicionamento do río Jarama entre a estrada MP-1312 a Algete e o río Henares.

Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.

Diques inundables para o desenvolvemento recreativo do encoro de Entrepeñas.

Restauración hidrolóxico-forestal da bacía do encoro de Alcorlo.

Diques inundables para o desenvolvemento recreativo do encoro de Buendía.

Reparacións de diversos tramos do canal do acueducto Texo-Segura.

Obras de control do transvasamento Texo-Segura.

Ordenación e control dos aproveitamentos hídricos.

Mantemento do SAIH da bacía do Texo.

Ordenación e protección dos recursos subterráneos.

Rede básica de control de augas subterráneas.

Programa de control e seguimento da calidade das augas.

Delimitación do Dominio Público Hidráulico (LINDE).

Bacías do Guadiana, Piedras, Tinto e Odiel

Presa de La Coronada.

Presa do Andévalo.

Transvasamento entre as bacías dos ríos Pizarroso, Alcollarín e Búrdalo.

Presa do Golondrón.

Presa do Alcollarín.

Ampliación da conducción entre a presa do Chanza e o túnel de San Silvestre.

Presa de Villalba de los Barros.

Presa de Pedro Arco.

Presa do Búrdalo.

Toma no encoro do Andévalo.

Reforzo e acondicionamento das estradas restituídas polos encoros de Cijara e outros.

Presa de Alcolea.

Canal do Trigueros, 1.ª fase.

Conducción de conexión Alcolea-canal do Piedras.

Regulación do canal de Montijo.

Cerramento da conducción entre o ramal do Tinto e final de conducción á zona industrial de Huelva.

Regulación do canal de Lobón.

Recrecemento do canal de Piedras.

Transformación en regadío dos Sectores VII-VIII, I e II da Z.R. Centro de Extremadura e canalizacións da zona regable.

Presa de La Cerrada no regato Atalaya.

Transformación en regadío de sectores VI, V-2 e XII da zona regable de Centro de Extremadura.

Presa do Corumjoso.

Azude de Los Riscos e presa de Los Puertos.

Balsa de regulación de Tariquejo.

Desdoblamento dos ramais principal e do Tinto desde os depósitos reguladores de Huelva.

Canal de alimentación ó de Orellana desde a presa de Sierra Brava.

Desdoblamento do sifón vaciadero e Salinas.

Transformación de regadíos de La Serena (1.ª fase).

Regulación do sifón do Odiel.
 Modernización dos regadíos de Peñarroya.
 Sustitución de tubaxes da zona regable do canal do Zújar.
 Regulación do canal do Zújar.
 Impermeabilización de diversos tramos en terraplén do canal do Zújar.
 Reforzo do firme e sinalización dos camiños da zona regable do Zújar.
 Conducción de auga desde o acueducto Texo-Segura para incorporación de recursos á Llanura Manchega.
 Distribución a partir da conducción principal (sen incluír Puerto Lápice-Puertollano).
 Mellora do abastecemento de auga a Badajoz e lugares da súa contorna.
 Abastecemento a Ciudad Real e Puertollano. Tramos Puerto Lápice-Casa Bolote-Ciudad Real-Puertollano.
 Abastecemento ós núcleos inmediatos ó acueducto Texo-Segura.
 Conducción desde a Presa de Torre Abraham ó encoro de Gasset para abastecemento a Ciudad Real e a súa comarca.
 Abastecemento ó Consorcio Presa de Los Molinos: Mancomunidades de Los Molinos, Jaime Ozores e Feria, e Zafra.
 Presa de La Colada.
 Interconexión dos encoros de Los Molinos e Tentudia.
 Mellora do sistema de abastecemento da comarca de Azuaga.
 Nova impulsión de Bocachanza.
 Mellora do abastecemento na contorna da presa de Alange (Almendralejo, Arroyo de San Serván e outros).
 Mellora do abastecemento á Mancomunidade de Vegas Altas.
 Bombeo e nova impulsión desde Chanza ata o canal de El Granado.
 Abastecementos na marxe esquerda dos ríos Zújar e Gadiana.
 Mellora da conducción e novo depósito en Ciudad Real.
 Saneamento e depuración de augas residuais en Vegas Bajas.
 Saneamento e depuración de augas residuais na comarca da Campiña Sur.
 Saneamento e depuración de augas residuais urbanas en Almendralejo.
 Depuración da zona de influencia do río Guadajira.
 Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Marismas do Odiel.
 Saneamento e depuración de municipios das Lagunas de Ruidera.
 Saneamento e depuración de municipios das Tablas de Daimiel.
 Saneamento e depuración de Palma del Condado, Bonares, Villalba del Alcor, Villarrasa, Niebla e Lucena del Puerto.
 Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Argamasilla de Alba e Tomelloso.
 Saneamento da bacía do río Tinto. 2.^a fase.
 Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Bacía do río Amargillo.
 Ampliación da EDAR de Ciudad Real e colectores.
 Saneamento e depuración da contorna de Doñana (Moguer, Beas, Trigueros e San Juan del Puerto).
 Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Bolaños e Almagro.
 Defensa contra avenidas do regato Albarregas.
 Defensa contra enchentes dos regatos Rivillas e Calamón.
 Rexeneración de marxes e protección de enchentes do río Gadiana entre o río Matachel e a presa de Montijo.
 Recuperación ambiental e rexeneración de marxes dos regatos Bonhabal, Tripero e outros.

Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.
 Canalizacións en Quintana de la Serena, Puebla de la Calzada e ponte de Valdetorres.
 Implantación do sistema automático de información hidrolóxica na bacía hidrográfica do Gadiana.
 Ordenación e control dos aproveitamentos hídricos.
 Instalación e subministración de caudalímetros e limitadores de caudal (2.^a fase).
 Ordenación e protección dos recursos subterráneos.
 Programa de control e seguimento da calidade das augas.
 Infraestructura de reforzo de recarga artificial no Alto Gadiana.
 Delimitación do Dominio Público Hidráulico (LINDE).
 Rede básica de control de augas subterráneas.

Bacía do Guadalquivir

Presa de Melonares.
 Presa de San Calixto sobre o río Genil.
 Alternativa a Ubeda la Vieja (Regulación Gadiana Menor).
 Presa de La Solana del Peñón.
 Canal de Castril, para regas en Castril, Castillejar, Benamaurel e Cortes de Baza.
 Presa de Velillos.
 Presa de Siles.
 Novo desaugadoiro da presa do Jándula.
 Presa de Aguasanta.
 Mantemento de presas na bacía do Guadalquivir.
 Renovación dos desaugadoiros de fondo da presa de Iznajar.
 Presa de Zapateros.
 Presa de La Breña II.
 Modernización zona regable baixo Guadalquivir.
 Tableado e Balsa de Guadaira.
 Modernización da zona regable de Bembezar.
 Presa do Arenoso.
 Reconversión da zona regable do Guadalquivir.
 Construción da segunda fase do canal principal da zona regable Genil-Cabra, tramos II e III.
 Modernización da zona regable do Vilar.
 Sistemas de regulación e redes primaria e secundaria na zona regable do Guadalquivir.
 Modernización das zonas regables das Vegas Altas, Medias e Bajas, de Jaén, Rumblar e Guadalmena.
 Modernización zona regable Valle Inferior.
 Modernización da zona regable do Genil, marxe esquerda.
 Modernización da zona regable do Barbate.
 Modernización de regas con toma directa no Guadalquivir.
 Canal de La Hoya de Guadix.
 Remodelación do canal do Guadalquivir ó seu paso por Córdoba.
 Modernización e reparación do canal principal da zona regable do Guadalquivir.
 Obras de infraestructuras necesarias para completa-la posta en rega da comarca Baza-Huésca (Granada).
 Modernización zona regable Salado de Morón.
 Estación de elevación no sector B-XII da zona regable do Bajo Guadalquivir (Lebrija).
 Modernización e mellora de regadíos en Vegas de Granada.
 Ampliación da zona regable Genil-Cabra.
 Modernización da zona regable do Genil, marxe esquerda. Estación de bombeo e impulsión a Peñafior.
 Tramo final do canal do Bajo Guadalquivir (1.^a fase).
 Modernización da zona regable do Genil, marxe esquerda. Estación de bombeo e impulsión de Ramblilla.
 Modernización da zona regable do Genil, marxe dereita. Nova estación de bombeo de Mohino.

Abastecemento a Jaén.
 Abastecemento a Puertollano.
 Abastecemento a zona gaditana.
 Novo trazado da estrada C-503 de Jerez a Cortes e conduxión de abastecemento a Algar.
 Abastecemento ó Campo de Montiel.
 Saneamento e depuración de La Janda.
 Saneamento e depuración da contorna de Doñana (Escacena del Campo, Paterna del Campo, Chucena e Manzanilla).
 Estación Depuradora de Augas Residuais de Azuaga.
 Depuradoras en El Rocío e Hinojos e ampliación da EDAR de Almonte-Rociana.
 Unión dos leitos dos barrancos situados na zona norte de Granada no río Genil.
 Remodelación do río Guadalquivir ó seu paso por Córdoba. Segunda fase.
 Acondicionamento do leito dos ríos Genil e Cubillas na Vega de Granada.
 Doñana 2005: restauración do Arroyo del Partido.
 Doñana 2005: recuperación do Caño Travieso.
 Doñana 2005: recuperación do Caño Guadiamar.
 Remodelación do canal do Bajo Guadalquivir na Barriada de Torreblanca.
 Canalización e acondicionamento de marxes do río Monachil entre Monachil e Granada.
 Remodelación do río Guadalquivir ó seu paso por Córdoba. Primeira fase.
 Doñana 2005: recuperación do Brazo de la Torre.
 Reconstrucción do azude de El Portal no río Guadalete.
 Presa de Gor.
 Acondicionamento da corga de Fiñana e río Guadix e restauración hidrolóxico-forestal da súa bacía.
 Canalización do río Genil entre Puento de la Duquesa e tramo urbano de Granada.
 Canalización do regato Salado na Vega de Santa Fe.
 Traslado da ponte Ariza afectada polo encoro de Giribaile.
 Canalización e ordenación do río Guadalete en Arcos de la Frontera.
 Desvío de regatos e canalización en Los Palacios e Villafranca.
 Corrección do río Guadalimar augas abaixo da presa de Giribaile.
 Corrección hidrográfica do río Genil en Écija.
 Canalización do río Guadalimar afectado pola presa de Giribaile.
 Canalización do río Genil ó seu paso por Villanueva de Mesía.
 Canalización do regato Burriana na súa desembocadura no río Genil.
 Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.
 Restauración forestal no encoro de San Clemente.
 Programa de control e seguimento da calidade das augas.
 Delimitación do Dominio Público Hidráulico (LINDE).
 Explotación, mantemento e conservación do sistema automático de información hidrolóxica da bacía do Guadalquivir.
 Ordenación e control dos aproveitamentos hídricos.
 Ordenación e protección dos recursos subterráneos.
 Rede básica de control de augas subterráneas.
 Presa de laminación na confluencia dos ríos Eliche e Quiebrajano.

Bacía do Sur de España

Presa de Rules.
 Túnel do transvasamento Genal-Sistema Verde de Marbella.

Conexión Hozgarganta-Guadarranque.
 Laminación de enchentes e regulación do río Antas.
 Recreemento da presa de Guadarranque.
 Interconexión Charco Redondo-Guadarranque.
 Presa de Otivar.
 Presa no río Ojén.
 Conduccións derivadas do encoro de Rules.
 Presa no Alaminos.
 Cunca amortecedora e tratamento de marxes augas abaixo da presa de Cuevas de Almanzora.
 Desagadoiro complementario no encoro de Cuevas de Almanzora.
 Camiños de acceso ás presas do transvasamento Guadalmanza-Guadalmina-Guadaiza.
 Desalgadora de auga de mar de Carboneras.
 Conexión presa Cuevas de Almanzora-Poniente Almeriense (Sector Sur).
 Conexión Negratín-Almanzora.
 Impulsión da desalgadora de Carboneras á Venta del Pobre (con conexión a Almanzora-Poniente Almeriense).
 Desalgadora de auga de mar de Carboneras, 2.ª fase.
 Mellora da rede de regas antigas do río Guadalhorce.
 Conexión presa Cuevas de Almanzora-Poniente Almeriense (Sector Norte).
 Conduccións na zona regable do encoro de Cuevas de Almanzora.
 Regadíos da marxe dereita do Plan Guaro.
 Conduccións para regas a cota 200 en Motril-Salobreña.
 Conducción principal de rega da marxe dereita do río Vélez.
 Mellora das regas da zona do Poniente de Adra.
 Cubrimento do canal principal de regas e abastecemento a Málaga.
 Desalgadoras en Campo Dalías.
 Presa de Cerro Blanco (Río Grande).
 Recreemento da presa da Concepción.
 Aproveitamento dos recursos hídricos subterráneos do Bajo Guadalhorce e desalgadora en El Atabal.
 Corrección de vertidos salinos ó encoro de Guadalhorce.
 Mellora da conexión Málaga-Costa del Sol occidental.
 Conducción de Cerro Blanco-ETAP de El Atabal.
 Aproveitamento hidrolóxico dos acuíferos de La Alberquilla e Sierra de Almijara.
 Impulsión, depósito e conduxión de auga para rega urbana da zona norte de San Roque.
 Novos depósitos reguladores na explotación do Campo de Gibraltar.
 Saneamento, depuración e reutilización de augas do Campo de Dalías.
 Estación Depuradora de Augas Residuais de Motril-Salobreña.
 Colectores de saneamento da zona oriental da Baía de Algeciras.
 Estacións de bombeo e colectores do sector Manilva.
 Reutilización a partir das depuradoras da Costa do Sol.
 Obras de saneamento na Costa do Sol (2.ª fase).
 Saneamento de Algeciras.
 Ampliación da Estación Depuradora de Augas Residuais do Arroyo de la Miel (EDAR de Benalmádena).
 Estación Depuradora de Augas Residuais de Ronda.
 Reutilización das augas tratadas da EDAR de La Línea de la Concepción.
 Estación Depuradora de Augas Residuais de Nerja.
 Saneamento e depuración de Torrox.
 Estación Depuradora de Augas Residuais do sector Fungirola.
 Estación Depuradora de Augas Residuais de Vélez-Málaga.
 Colectores interceptores, impulsión e emisarios submarinos de Vélez-Málaga.

Colectores interceptores, impulsión e emisarios submarinos do Rincón de la Victoria.

Colectores interceptores, impulsión e emisarios submarinos de Nerja.

Estación Depuradora de Augas Residuais de Rincón de la Victoria.

Colectores de Almuñécar.

Colectores de Motril-Salobreña.

Saneamento e depuración dos municipios da bacía do río Guadiaro.

Dragado e protección de marxes da corga de Los Santos.

Colector de Istán. Colector principal. Sector Estepona.

Adecuación do curso baixo do río Guadalhorce.

Construcción das corgas de Buenavista e Almecete e desvío do Almecete á corga de El Loco.

Limpeza, adecuación e protección das corgas de Aljibillos, Peñas Negras e Capitán Andrés Pérez.

Canalización do río Andarax.

Canalización do río Almanzora.

Reposición e adecuación da canalización do río Adra.

Canalización de regatos en La Línea de la Concepción e San Roque.

Limpeza, dragado e defensa parcial de marxes da corga de El Pantano (Níjar).

Canalización do río Guadarranque ó seu paso pola estación de San Roque.

Canalización da corga do Saliente.

Terminación do canalización do río Aguas Vega.

Actuacións para a defensa e recarga dos acuíferos do Poniente Almeriense.

Restauración hidrolóxico-forestal en Guadalmedina.

Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.

Ordenación e protección dos recursos subterráneos.

Ordenación e control dos aproveitamentos hídricos.

Mantemento e explotación do sistema automático de información hidrolóxica da bacía hidrográfica do Sur. Red Hidrosur, 3.^a etapa.

Programa de control e seguimento da calidade das augas.

Delimitación do Dominio Público Hidráulico (LINDE).

Rede básica de control de augas subterráneas.

Programa de control de perdas nas subministracións e corrección delas.

Programa de control e corrección de fontes de contaminación.

Programa de equipamento de sistemas de medición e control de consumos.

Abastecemento de auga a Jimena del Guadarranque.

Área Hidrográfica de Ceuta

Ampliación e mellora da rede de distribución de auga potable a Ceuta.

Saneamento e depuración de Ceuta.

Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.

Área Hidrográfica de Melilla

Desalgador de Melilla.

Mellora do abastecemento da Ciudad de Melilla.

Depósito regulador de auga na Ciudad de Melilla (2.^o depósito).

Saneamento e depuración de Melilla.

Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.

Bacía do Segura

Presas das corgas de Torregorda e Seca Salada.

Recrecemento da presa de Valdeinfierno.

Presa da corga de Lebor.

Recrecemento do encoro de Camarillas.

Dragado do encoro do azude de Ojós e adecuación ambiental do seu contorno.

Puente de la Vicaría sobre o encoro de La Fuensanta.

Canal alto da marxe dereita.

Desalgador no Campo de Cartagena.

Redes de rega, desaugadoiros e camiños das zonas regables de Lorca e Valle del Guadalentín.

Modernización de regadíos da Vega Baja del Segura.

Modernización de regadíos da Vega Alta. Ojós-Contraparada.

Modernización de regadíos da Vega Alta ata Ojós.

Planta desalgador para regas en Murcia.

Planta desalgador en Alto Guadalentín.

Planta desalgador La Pedrera.

Colector de evacuación de augas salinas na Vega Baja do Segura e Desalobrador.

Colector de evacuación de augas salinas no val do Guadalentín e Desalobrador.

Modernización de regadíos da Vega Media.

Aportación de recursos do transvasamento á comarca de Mula (Pliego).

Ampliación das regas de Hellín.

Planta desalgador. Mellora da calidade en Pilar de la Horadada.

Zona regable de Librilla.

Conducción de augas desde o encoro do Cenajo a plantas potabilizadoras.

Ampliación da desalgador da Mancomunidade dos Canales del Taibilla en Murcia.

Túnel Talave-Cenajo.

Ampliación da desalgador da Mancomunidade dos Canales del Taibilla en Alicante.

Abastecemento ó alfoz de Murcia.

Ampliación do Sistema Lorca-Puerto Lumbreras-Águilas.

Conexión Fuensanta-Taibilla.

Ampliación de sifóns en canais do Taibilla.

Mellora da potabilizadora de Sierra de la Espada.

Depósito, potabilizadora e instalacións complementarias de abastecemento de Hellín.

Recuperación ambiental e mellora da calidade das augas do río Segura na Vega Baja.

Colectores e EDAR do Mar Menor Norte.

Interceptores de augas pluviais dos barrios norte e oeste de Cartagena.

Recirculación de caudais no tramo urbano de Murcia.

Conducción de augas residuais da zona sur do Mar Menor.

Ampliación da EDAR de Hellín.

Canalización da corga do Albujón.

Ordenación e protección dos recursos subterráneos. Presas das corgas do Puerto de la Cadena, Tabala e Arroyo Grande.

Canal de desaugamento do río Segura cara ó regueiro de Hurcillo.

Desaugamento das enchentes da corga de Nogalte á bacía de Almanzora.

Correccións hidrolóxicas en Cuencas Altas.

Canalización da corga Abanilla.

Presa de Corga Salada.

Ampliación da desembocadura da corga de Las Moreras.

Canalización das corgas Polope e Sierra.

Presa da corga do Puerto del Garruchal.

Canalización das corgas de San Cayetano e Amorós.

Acondicionamento e restauración ambiental do Segura en Albacete.

Correccións hidrolóxicas en Benipila e Albujón.
 Obras complementarias da canalización do río Segura.
 Correccións hidrolóxicas no Bajo Guadalentín.
 Presa de Moratalla.
 Usos recreativos en encoros de cabeceira da bacía do Segura.
 Recuperación ambiental do río Segura entre Ojós e Contraparada.
 Canalización e protección ante enchentes da corga de Benipila en Cartagena.
 Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.
 Recuperación ambiental do río Segura ó seu paso polo núcleo urbano de Archena.
 Presa de La Risca.
 Automatización e telemando dos canais e instalacións principais do postransvasamento Texo-Segura.
 Conservación e acondicionamento do Dominio Público Hidráulico no río Segura, Contraparada-Guardamar (tramo Alicante).
 Conservación e acondicionamento do Dominio Público Hidráulico no río Segura, Contraparada-Guardamar (tramo Murcia).
 Ordenación e protección dos recursos subterráneos.
 Mantemento e explotación do sistema automático de información hidrolóxica da bacía hidrográfica do Segura.
 Obras para a medición e control de caudais no río Segura.
 Ampliación do SAIH da bacía do Segura.
 Ordenación e control dos aproveitamentos hídricos.
 Programa de control e seguimento da calidade das augas.
 Rede básica de control de augas subterráneas.
 Delimitación do Dominio Público Hidráulico (LINDE).

Bacía do Júcar

Presa de Villamarchante.
 Presa do río Sellent.
 Presa de Montesa.
 Presa do Marquesado.
 Terminación da nova presa de Tous.
 Encoro de Los Alcamines sobre o río Alfambra.
 Regulación para recarga dos excedentes invernales do río Belcaire.
 Adecuación do paramento dos desaugadoiros da presa de Alarcón.
 Presa do encoro de Mora de Rubielos.
 Obras de regulación da corga de Cerverola.
 Azude de regulación diaria no tramo baixo do río Turia.
 Dragado e limpeza do encoro de Almansa.
 Conducción Júcar-Vinalopó.
 Obras de modernización da Acequia Real do Júcar.
 Modernización do canal do Campo do Turia.
 Gran reparación e automatización do canal principal do Camp del Turia.
 Modernización do canal Júcar-Turia.
 Modernización das regas tradicionais de Escalona, Carcaixent, Sueca, Cullera e Cuatro Pueblos.
 Plan de modernización de regas da Plana de Castellón.
 Mellora, drenaxe e reparación do camiño de servicio e accesos do canal Júcar-Turia.
 Canal da marxe esquerda do río Magro.
 Modernización de regadíos tradicionais no Júcar (Cuenca e Albacete).
 Reposición da levada maior de Sagunto afectada pola construción da Presa de Algar.
 Abastecemento a Albacete desde o acueducto Texo-Segura.
 Abastecemento ós municipios da contorna do encoro de Contreras.

Abastecemento a La Manchuela con augas superficiais.
 Reutilización de augas residuais depuradas da EDAR de Monte Orgegia e Rincón de León.
 Colectores de Benidorm e Villajoyosa e ampliación da EDAR de Benidorm.
 Estación Depuradora de Augas Residuais de Alzira.
 Depuración integral da Albufera Sur.
 Colectores e Estación Depuradora de Augas Residuais de Novelda e Monforte del Cid.
 Reutilización e balsa de regulación en Villajoyosa-Marina Baixa.
 Ampliación da estación depuradora e colectores de Altea, Callosa, Polop e La Nucia.
 Colectores xerais e EDAR de Sueca.
 Acondicionamento do río Júcar entre Carcaixent e a autopista A-7.
 Restitución e adaptación dos leitos naturais dos barrancos de Torrente, Chiva e Pozolet.
 Canalización dos Barrancos de Carraixet e Palmaret.
 Canalización do río Seco entre a autopista A-7 e a súa desembocadura ó mar.
 Restitución e adaptación dos leitos naturais do barranco de El Poyo (fase I).
 Interconexión Manises-Picassent.
 Canalización, defensa e urbanización no río Barxell.
 Acondicionamento do Bajo Turia e novo leito do río.
 Mellora da drenaxe do Marjal sur do río Júcar.
 Laminación e mellora da drenaxe na bacía do río Vacas.
 Laminación e mellora da drenaxe da bacía da corga Gallinera.
 Laminación e control de enchentes na bacía media do río Serpis.
 Canalización da cabeceira do barranco de Las Ovejas.
 Mellora e acondicionamento do Canal de María Cristina.
 Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.
 Espello de auga na cola do encoro de Alarcón para usos recreativos.
 Correccións do impacto ambiental e paisaxístico da presa de Bellús.
 Integración ambiental e fomento social da presa de Escalona.
 Ordenación e protección dos recursos subterráneos.
 Infraestructura para substitución de bombeos en acuífero da Mancha oriental.
 Ampliación do sistema automático de información hidrolóxica da bacía do Júcar.
 Ampliación do mantemento e explotación do sistema automático de información hidrolóxica da bacía hidrográfica do Júcar.
 Rede básica de control de augas subterráneas.
 Delimitación do Dominio Público Hidráulico (LINDE).
 Infraestructura de reforzo de recarga artificial no Júcar.
 Programa de control e seguimento da calidade das augas.
 Ordenación e control dos aproveitamentos hídricos.
 Mantemento e explotación do sistema automático de información hidrolóxica da bacía hidrográfica do Júcar.

Bacía do Ebro

Presa de Mularroya, azude de derivación e conducción de transvasamento.
 Regulación no Alcanadre.
 Encoro de Biscarrués.
 Recreemento da presa de Yesa.
 Encoros de El Espeso, Carabán, Umbrías e Orera (Jalón).

- Encoro de San Salvador.
Regulación do río Linares.
Presa de Lechago.
Encoro de Beranuy (Ésera).
Presa de Enciso.
Encoro de Montearagón.
Presa de La Fresneda-Torre del Compte.
Diques inundables de Nagore e Oroz-Betelu no encoro de Itoiz.
Restitución de estradas locais na contorna do encoro de Yesa .
Encoro de Molino de las Rocas.
Regulación do río Oja.
Reposición da estrada A-137 afectada polo recrecemento de Yesa.
Encoro de Cigudosa-Valdeprado.
Encoro do Vero.
Dique de cola no encoro de Rialb.
Presa de Terroba.
Encoro da Loteta ata o Canal Imperial de Aragón.
Presa de Andagoya (río Bayas).
Encoro de Araia.
Encoro de Luna (Arbás).
Obras complementarias da presa de Rialb.
Encoro de Valtejedores. Regas do Alto Aragón.
Encoro de Valdepatao e colector para regas do Alto Aragón.
Presa do Batán sobre o río Martín.
Reposición da estrada A-1601 afectada polo recrecemento de Yesa.
Presa de Villagalijo.
Encoro de Las Parras (Martín).
Encoro de Biota.
Gran reparación da presa de La Sotonera.
Encoro de Trasobares.
Adecuación do encoro de Escuriza (Martín).
Regulación en cabecera do Tastavins (Matarraña).
Encoro de Valcodo.
Recrecemento do encoro de Las Torcas.
Gran reparación da presa de Ardisa.
Recrecemento do encoro de La Tranquera.
Gran reparación da presa de Mediano.
Encoro do Pontet sobre o río Matarraña.
Encoro de Ciscar (Guadalope).
Regulación do Alchozasa (Guadalope).
Rehabilitación total dos desaugadoiros de fondo da presa de Oliana.
Contrapresa no encoro de Moneva (Aguas Vivas).
Presa de Nuévalos.
Ampliación da capacidade do encoro de Pena.
Obras complementarias de regulación dos ríos Queiles e Val.
Canal de Navarra.
Canal Segarra-Garrigues.
Encoro de Santaliestra.
Revestimento e modernización do Canal Imperial de Aragón entre p. q. 31 e 77.
Canal da Hoya de Huesca.
Encoro para regas do Alto Aragón.
Revestimento e modernización do Canal Imperial de Aragón (tramo Navarra).
Canal Xerta-Sènia.
Elevacións para as regas da Litera Alta.
Regadíos do Bajo Gállego.
Recrecemento e modernización do canal de Lodosa 2.^a e 4.^a fase.
Encoros laterais no sistema de regas de Bardenas (Malvecino e Laverné).
Elevacións do Ebro ós regadíos infradotados da marxe dereita, tramo Zaragoza-Fayón.
Tubaxes de alimentación dos Sectores VIII e IX da zona regable de Monegros.
Recrecemento do encoro de Santolea.
Adecuación do canal de Monegros, tramos I, II e III.
Regadíos do canal Calanda-Alcañiz.
Revestimento do canal de Tauste.
Recrecemento e modernización do canal de Lodosa, 3.^a fase.
Infraestructuras de rega de Terra Alta.
Infraestructuras de rega de Aldea Camarles.
Modernización do canal de Lodosa, 5.^a fase.
Modernización da zona regable do río Najerilla.
Prolongación do canal de Caspe.
Modernización do canal de Lodosa, 6.^a fase.
Levada Monegrillos . Regas do Alto Aragón.
Conduccións da rede en alta dos regadíos de zonas regables dos Valles Alaveses, río Rojo-Berantilla e Rioja Alavesa.
Regulación integral e modernización do canal de Terreu.
Aproveitamentos hidroeléctricos no canal de Navarra.
Gran reparación do canal de La Violada.
Colectores principais da zona occidental. Zona regable, 2.^a parte de Monegros.
Canal da cota 540 con toma no encoro de Montearagón.
Liñas eléctricas e subestacións da zona regable de Monegros.
Encoros laterais no sistema de regas de Bardenas (Carcastillo).
Sifón de Cardiel. Regas do Alto Aragón.
Tramo II do canal de Sastago.
Colectores principais da zona oriental. Zona regable 2.^a parte Monegros.
Regulación e modernización do canal de Pertusa.
Modernización do canal de Aragón e Cataluña.
Reparación e ampliación do camiño CG-2 e reconversión da estrada Sadaba-Carcastillo.
Elevación de auga desde o río Ebro á bacía do Matarraña.
Canal de Bardenas. Adecuación e terminación de varios tramos do trozo V.
Modulación do canal de Piñana.
Levada de Las Planas.
Adecuación, reparación e terminación. Levada de Sora.
Transformación en regadío en Oliana, Peramola e Basella.
Desaugadoiro levada principal de Sora.
Gran reparación do canal do Flumen, 1.^a fase.
Terminación da obras do túnel de serra de Alcubierre.
Reparación do camiño da zona regable de Monegros.
Transformación en regadío en Baronía de Rialb e Ponts.
Ampliación e gran reparación do canal de Caspe.
Infraestructuras de rega da Ribera d'Ebre.
Reparación, adecuación e terminación trozo VI. Canal de Bardenas.
Variante do canal de Aragón e Cataluña, tramo comprendido entre os p. q. 25,804 e 26,325.
Derivación de caudais do río Matarraña.
Acondicionamento e mellora do desaugadoiro de Albelda.
Revestimento da levada maior de rega de Piñana.
Terminación do Sector VIII. Zona regable, tramo III, canal de Monegros.
Proxecto da levada A-20-5. Zona regable canal do Cinca.
Revestimento da levada Valdera en Sariñena.
Construción da levada de Ontiñena.
Rede de colectores e desaugadoiros do canal de Bardenas.
Gran reparación do canal do Flumen, 2.^a fase.
Desaugadoiros do plan coordinado de obras da zona de regas do canal do Cinca.

Acondicionamento e mellora do desaugadoiro de Faleva.

Acondicionamento e mellora do desaugadoiro de Olriols.

Revestimento e adecuación de varios tramos, trozo III. Canal de Bardenas.

Gran reparación do canal do Flumen, 3.^a fase.

Ampliación do camiño CG-4 e reconversión a estrada comarcal de Pinsoro a Bardena.

Modernización do canal de Lodosa, 1.^a fase.

Abastecemento de augas a Zaragoza e corredor do Ebro.

Abastecemento a Lleida e a súa comarca desde o encoro de Santa Ana. Fase II.

Abastecemento dos municipios da zona de influencia da presa de Enciso.

Abastecemento mancomunado ós núcleos do Bajo Ebro Aragonés.

Abastecemento a Lleida e a súa comarca desde o encoro de Santa Ana. Fase I.

Abastecemento a Huesca desde Montearagón.

Abastecemento dos municipios do río Oja.

Abastecemento ós núcleos do Bajo Alcanadre e Bajo Cinca.

Abastecemento a Alcañiz, Calanda, Castellserás e outros.

Abastecemento a Bujaraloz, Peñalba e Candasnos.

Abastecemento a Huerto, Vicien, Taberna de Isuela, Bañales e Cascasas.

Saneamento do río Cidacos e EDAR de Calahorra.

Red de saneamento do río Huerva.

Depuración de núcleos pirenaicos.

Estacións depuradoras de augas residuais de Nájera e Alfaro.

Depuradora de augas residuais de Miranda de Ebro.

Estación Depuradora de Augas Residuais de Logroño.

Canalización e acondicionamento do río Zadorra.

Laminación de enchentes no río Bergantes.

Abastecemento de augas a Zaragoza e corredor do Ebro (medidas de compensación ambiental).

Plan de restitución territorial do recrecemento da presa de Yesa.

Restituicións territoriais en obras de regulación de Huesca e Zaragoza.

Actuacións ambientais orientadas á restitución territorial do Val do Ésera.

Restituición territorial no contorno de Itoiz e Yesa.

Actuacións ambientais orientadas á restitución territorial do contorno do encoro do Ebro.

Fomento dos usos ambientais, culturais e recreativos do encoro de Enciso.

Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.

Actuacións en ribeiras e leitos para a adecuación ambiental na bacía do Ebro (parte II).

Adecuación ambiental da presa de Rialb.

Actuacións en ribeiras e leitos para a adecuación ambiental na bacía do Ebro (parte I).

Mantemento e explotación do sistema automático de información hidrolóxica da bacía hidrográfica do Ebro.

Ordenación e control dos aproveitamentos hídricos.

Delimitación do Dominio Público Hidráulico (LINDE).

Ordenación e protección dos recursos subterráneos.

Programa de control e seguimento da calidade das augas.

Renovación da rede de comunicacións do sistema automático de información hidrolóxica da bacía hidrográfica do Ebro.

Rede básica de control de augas subterráneas.

Limpeza e acondicionamento de Los Ibones: IP, Arrioles, Respumosos, Campoplano, Bachimaña, Brazatos, Bramatueros, Ibón Azul, Marboré e Urdicieto.

Tratamento das marxes e ribeiras do río Vero ó seu paso por Barbastro.

Tratamento do río Cinca ó seu paso por Fraga.

Parque Fluvial de Mequinenza.

Actuacións ambientais en río Cinca e Ésera (nas inmediacións dos encoros de El Grado e Barasona).

Adecuación ambiental nos ríos Queiles e Val en termo municipal Los Fayos.

Actuacións ambientais no Cinca, tramo medio e baixo.

Adecuación ambiental eixe do Ebro nas confluencias ríos Guadalupe, Matarraña e Cinca.

Actuacións ambientais no Bocal e Zaragoza, Canal Imperial de Aragón.

Abastecemento Mancomunado Matarraña.

Abastecemento ó Bajo Jiloca.

Abastecemento río Queiles desde encoro do Val a Tarazona.

Centro de Interpretación e Formación Agua y Regadíos, Paisaje y Naturaleza. Huesca.

Actuacións ambientais no río Ara.

Actuación en río Sosa. Monzón.

Acondicionamento ambiental nos barrancos periurbanos de Calatayud, Munegra e Nuez de Ebro.

Construcción azude río Ebro en Zaragoza.

Depuración ríos Pirenaicos.

Plan Director do río Ebro en Zaragoza.

Abastecemento desde a presa de Rialb (Solsonès, Segarra e Urgell).

Mellora de abastecemento de Les Garrigues.

Abastecementos varios (Terra Alta, Ribera d'Ebre e Montsià).

Actuacións ambientais derivadas do Plan Integral de Protección do Delta do Ebro.

Bacías Internas de Cataluña

Interconexión de bacías.

Desalinización na bacía do Tordera.

Depuradora de El Prat de Llobregat e reutilización.

Depuradora de Besós.

Canalización do río Llobregat.

Desaugamento do río Francolí ó porto de Tarragona.

Canalización do corgo de Arenys de Munt.

Soterramento dos corgos de Tiana e Miquel Matas.

Soterramento do corgo de Teia.

Canalización dos tramos urbanos dos corgos St. Domenec, Gavarra e Buscarons e do torrente de Can Figuerola (Canet de Mar).

Conexión CAT-Abrera.

Plantas de desalinización no ámbito territorial da Costa Brava e da Costa Dorada.

Rede de abastecemento da Llosa del Cavall.

Baleares

Aproveitamento dos recursos hidráulicos da serra de Tramontana.

Arterias de conducción e depósito regulador para o abastecemento de auga a Calviá e Andratx.

Abastecemento á zona de Palma de Mallorca.

Ampliación da desalgadora da Baía de Palma, fase II.

Desalinizadora en Mallorca.

Desalinizadora de Menorca.

Ampliación da desalgadora da Baía de Palma (liñas 8, 9 e depósito).

Arterias xerais da desalinizadora ás redes de distribución. Eivissa.

Desalgadora de Eivissa (Santa Eulalia).

Ampliación da desalgadora de Formentera e adaptación vertido.

Desalgadora de Formentera: arterias xerais. Condución a redes de distribución.

Ampliación e remodelación da Depuradora de Palma I.

Ampliación da EDAR de Palma I e tratamento de fangos.

EDAR de Lluchmayor e emisario.

Acondicionamento e mellora de leitios.

Actuacións do Plan Hidrolóxico-Forestal. Protección e rexeneración de enclaves naturais.

Rede básica de control de augas subterráneas.

Las Palmas

Presa de Salto del Perro.

Regulación da rede de transvasamento insular en Gran Canaria.

Presa de Los Palos.

Incrementos de recursos no norte de Gran Canaria.

Terminación de túneles e obras accesorias exteriores do transvasamento das presas do sur (Trasvasur).

Plan de balsas de Medianías, 2.^a fase.

Ampliación da desalgradora Lanzarote IV.

Desalinización de auga de mar en Fuerteventura.

IDAM Las Palmas IV.

Rede arterial de abastecemento a Las Palmas de Gran Canaria.

IDAM de Telde.

Desalgradora de auga de mar de Las Palmas-Telde.

Desalgradora de Puerto del Rosario (1.^a e 2.^a fase).

Mellora das conduccións Puerto del Rosario-Gran Tarajal e Corralejo e Tuineje-La Lajita.

Depósitos reguladores en Finmaparte e Tiscamanita.

IDAM de Telde, 2.^a fase.

IDAM de Mogán e San Bartolomé, 2.^a fase.

Mellora e ampliación da desalgradora Las Palmas III.

Ampliación da estación desalgradora de auga de mar de Guía (2.^a fase).

Balsa de regulación do abastecemento de Medianías.

IDAM Galdar-Agaete, 2.^a fase.

Regulación da desalgradora de Arrecife.

Redes de aducción e depósitos en Medianías.

Conducción Maneje-Arrieta-Magüez.

Desalgradora de San Bartolomé e Mogán.

Desalgradora de Arucas-Moya (2.^a fase).

Potabilizadora en San Nicolás de Tolentino.

Saneamento, depuración e reutilización de augas en Corralejo, Gran Tarajal e Puerto del Rosario.

Ampliación da EDAR de Las Palmas.

EDAR de Tías.

Mellora do saneamento e depuración de Las Palmas de Gran Canaria.

Tratamento terciario, Barranco Seco, 2.^a fase.

Mellora de saneamento. EDAR de Tamaraceite.

Mellora do saneamento e depuración no norte de Gran Canaria.

Sistema insular de depuración e reutilización de augas residuais (Fuerteventura).

Estacións depuradoras de augas residuais do sector Sur de Gran Canaria.

Conducción para a reutilización de augas depuradas de Las Palmas-Norte.

Mellora calidade de augas depuradas e redes no Norte de Gran Canaria.

Mellora do sistema de depuración de Telde.

Depuración e reutilización na illa de Lanzarote.

Tratamento terciario, Hoya del Pozo.

Desalgradora de Janubio de 10.000 m/día, 1.^a fase.

Depuración de augas residuais do sector noroeste de Lanzarote.

Sistema de saneamento, depuración e reutilización de Arrecife, La Caleta del Sebo, Orzola, El Golfo e Playa Quemada.

Santa Cruz de Tenerife

Encoro de La Viña.

Sistema hidráulico de La Viña. Encoro de Las Rosas.

Sistema hidráulico insular (El Hierro).

Sistema hidráulico de La Viña, 2.^a fase.

Conduccións nos barrancos de Las Angustias. Zona de regado Valle de Aridane.

Infraestructura hidráulica da Gomera (Orone I e III).

Sistema hidráulico de La Viña, canal de enlace da lagoa de Barlovento con Garafia.

Encoro de Cumbrecita-El Paso na illa de La Palma.

Sistema hidráulico da Viña, transvasamento de augas da vertente leste á oeste.

Balsa de Bediesta.

Transvasamento Teno-Adeje.

Estación desalgradora de auga de mar do oeste (Tenerife).

Aducción xeral do abastecemento urbano do noreste de Tenerife.

EDAM de Santa Cruz de Tenerife, 2.^a fase.

Mellora do abastecemento urbano á illa de La Gomera.

Ampliación do abastecemento xeral da illa de El Hierro.

Estacións desalgradoras de augas salobres no norte e oeste de Tenerife.

Remodelación do encoro de Los Campitos con aproveitamento de escoamentos do barranco de Santos.

Aducción xeral do abastecemento urbano do Valle de la Orotava.

Desalgradora da Playa de las Américas, 2.^a fase.

Aducción xeral do abastecemento urbano do Valle de Güimar.

Desalgradora de Granadilla.

Abastecemento á área metropolitana de La Laguna.

Desalgradora de auga de mar de Santa Cruz de Tenerife.

Captación de auga subterránea para o abastecemento urbano da illa de La Gomera (Orone II).

Depósito de cabeceira para o abastecemento de Santa Cruz de Tenerife.

Colectores xerais de saneamento do Valle de la Orotava.

Reutilización das augas depuradas da EDAR Adeje-Arona.

Sistema de reutilización de augas na illa de La Palma.

Saneamento e depuración na illa de La Palma.

Sistema de depuración e reutilización de augas residuais de Granadilla.

Sistema de depuración de Adeje-Arona, 2.^a fase.

Depuración e reutilización en Arona leste e San Miguel.

Mellora e ampliación da EDAR de Santa Cruz de Tenerife.

Sistema de depuración e reutilización de augas residuais do noroeste de Tenerife.

Sistema de depuración de augas residuais do nordeste de Tenerife, 2.^a fase.

Sistema de depuración e reutilización de augas residuais do oeste de Tenerife.

Sistema de depuración de augas residuais de Arona e San Miguel, 2.^a fase.

Depósitos reguladores para reutilización de augas en Guía de Isora e Santiago del Teide.

Sistema de depuración de augas residuais da comarca de Acentejo.

Infraestructura de canalización e defensa de La Gomera.

Servicios centrais

Programa de control e seguimento da calidade das augas.

Rede de estacións foronómicas.

13043 LEI 11/2001, do 5 de xullo, pola que se crea a Axencia Española de Seguridade Alimentaria. («BOE» 161, do 6-7-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono esta lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguridade alimentaria é unha esixencia derivada da Constitución, que consagra o dereito á protección da saúde e lles outorga ós poderes públicos competencia para organizar e tutela-la saúde pública e lles encomenda a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses (artigos 43, 51 e 149.1.16.^a).

Na mesma liña, a Lei 26/1984, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, atribúelle á Administración xeral do Estado o deber de adoptar cantas medidas sexan convenientes para protexer e defende-los dereitos dos consumidores, especialmente no que fai referencia á súa saúde e seguridade (artigo 39.4).

Así mesmo, a Lei 14/1986, xeral de sanidade, ordénalles ós órganos competentes das administracións públicas desenvolve-las actividades necesarias para «o control sanitario e a prevención dos riscos para a saúde derivados dos produtos alimenticios, incluíndo a mellora das súas calidades nutritivas» (artigo 18.10).

Ademais de que a seguridade alimentaria é unha esixencia constitucional e promovela unha obriga dos poderes públicos, os cidadáns esixen que prevaleza sobre calquera outro tipo de intereses.

O carácter intersectorial, a natureza multifactorial e a indubidable complexidade da seguridade alimentaria, aconsellan dispor de instrumentos que, sen menoscabo da responsabilidade empresarial e do marco competencial, poidan achegar un claro valor engadido á xestión integral da seguridade alimentaria en toda a cadea de produción, elaboración, distribución e consumo.

Diso despréndese que é necesario unha profunda reconsideración da política de seguridade alimentaria, que permita afronta-los problemas que poidan asociarse á cadea alimentaria coas maiores cotas de seguridade.

Por iso, o Congreso dos Deputados aprobou, o 23 de xuño de 1999, unha resolución instando o Goberno á constitución dunha Axencia Española para a Seguridade Alimentaria.

Neste mesmo sentido, en decembro de 1999, a Comisión Europea presentou unha proposta que deu lugar ó Libro branco sobre a seguridade alimentaria. Entre outras medidas, considera a creación dunha autoridade europea en materia de seguridade alimentaria, que deberá atopala súa correspondencia na creación de organismos análogos, constituíndo entre todos eles unha rede de cooperación e intercambio de información, baixo a coordinación da dita autoridade europea.

Os principios contidos no Libro branco da seguridade alimentaria refírense á inocuidade dos produtos alimenticios baseada nunha consideración integral da cadea alimentaria; á análise dos riscos alimentarios, baixo a triple consideración da avaliación, xestión e comunicación de riscos, como ferramenta máis adecuada para promove-los maiores niveis de protección e confianza dos consumidores; á necesidade de fundamenta-la xestión dos riscos levada a cabo polas autoridades competentes, en avaliacións científicas xeradas desde a excelencia e a independencia; así como a transparencia que debe presidir todas estas actuacións.

Todo iso vén ratifica-la conveniencia e oportunidade de constituír unha Axencia Española de Seguridade Alimentaria que, integrando os elementos de intersectorialidade e interterritorialidade de acordo co marco competencial vixente, propicie unha xestión eficaz da seguridade dos alimentos inspirada e potenciada polos ditos principios.

A Axencia Española de Seguridade Alimentaria, que se crea mediante esta disposición, vén dar resposta ós mandados e necesidades expostos e integrar todos aqueles elementos que promoven a seguridade dos produtos e procesos alimentarios e, en consecuencia, procede a articular nun mesmo organismo os distintos instrumentos dedicados á seguridade alimentaria.

En todo este contexto, esta lei crea a axencia española por considerar que ha de ser un elemento fundamental na construción da seguridade alimentaria no marco da Unión Europea. A creación da axencia responde ós mesmos obxectivos que deron ou están dando lugar á creación deste tipo de organismos noutros estados da Unión Europea e á propia Autoridade Alimentaria Europea. Con todos eles deberá colaborar estreitamente, polo que se considerou conveniente que, sen prexuízo das necesarias adecuacións e, sobre todo, do respecto ó marco competencial que nas materias concernidas está establecido na Constitución e nos estatutos das comunidades autónomas, os seus obxectivos, principios, formas organizativas e métodos de traballo sexan similares e compatibles con aqueles.

As liñas directrices que informan a creación da axencia son, polo tanto, as seguintes:

O seu obxectivo xeral é o de protexe-la saúde pública, contribuíndo a que os alimentos destinados ó consumo humano, —considerando a cadea alimentaria na súa integridade desde a produción primaria ata o consumo—, sexan seguros e garanti-la súa calidade nutricional e a promoción da saúde.

A axencia debe protexe-los intereses dos consumidores actuando baixo os principios de transparencia e independencia e adoptando as súas decisións logo de valoración científica rigorosa e de excelencia dos riscos existentes, coa participación activa dos consumidores, os operadores económicos e sociais e a comunidade científica.

A axencia debe impulsa-la cooperación de tódalas administracións públicas competentes, constituíndose en centro de referencia na análise de riscos alimentarios.

A axencia ha de asumir unha función relevante na definición das novas necesidades normativas e executivas relativas á seguridade alimentaria e, se é o caso, incorporar no seu ámbito de actuación aspectos emerxentes que directa ou indirectamente estean relacionados coa cadea alimentaria, con particular referencia ós aspectos do benestar animal relacionados coa seguridade alimentaria.

A Axencia terá o carácter de organismo autónomo, de acordo co establecido na Lei 6/1997, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, como vía para promover unha maior operatividade e